



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE XULLO DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M^a Otero López, técnica de xestión de Administración local, por delegación da secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xullo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/5495 o día 23 de xuño de 2016, procedente da Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando que antes do día 30 de setembro de 2016 por este concello se envíe a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2017.

Propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Establecer como festivos locais para o ano 2017 o día 28 de febreiro, martes de Entroido, e o día 16 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de xullo de 2016, co voto a prol dos dez concelleiros que a compoñen: os dous concelleiros do PP (don Juan M^a Abalo Castex e dona Marta M^a Vázquez Golpe, titulares), as dúas concelleiras de UxC (dona M^a Dolores Blanca García Fernández, titular, e dona Elisa Pestonit Barreiros, suplente), os dous concelleiros do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Leonor Fernández Grande, suplentes), a concelleira de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, titular), o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo para a execución da obra “Iluminación peonil na ponte romana do Burgo”

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xullo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Os Concellos de Cambre e Culleredo, no marco de mellora das infraestruturas, pretenden levar a cabo a obra “Iluminación peonil da ponte romana do Burgo”, isto tendo en conta que a devandita infraestrutura une a ambos concellos e que existe un interese concorrente, como é o incremento da seguridade dos peóns que utilizan a ponte, a súa accesibilidade e contribuír a realzar o aspecto da infraestrutura, para o que a fórmula máis axeitada para formalizar a cooperación entre ambos é a de convenio para o servizo aos intereses xerais contemplados no artigo 60 da Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, segundo o cal:

“Uno. As entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. Esta cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias. (...)”

Con data 22 de xuño de 2016 recibíuse nesta Alcaldía un correo electrónico procedente do Concello de Culleredo ao que se achegaba o borrador da Resolución do 21 de xuño de 2016 da concelleira delegada de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do Concello de Culleredo, pola que se resolvía aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo para a execución da obra “Iluminación peonil da ponte romana do Burgo”.

Visto o informe emitido ao citado borrador pola secretaria xeral do Concello de Cambre, con data 30 de xuño de 2016, no que se fai constar que corresponde ao Pleno a aceptación da delegación de competencias feitas por outras administracións públicas, así como que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos en materia de transferencia e delegación de funcións ou actividades noutras administracións públicas.

Visto o escrito procedente do Concello de Culleredo, rexistrado de entrada ao núm. 0/6198 o día 14 de xullo de 2016, ao que se achega o certificado do acordo adoptado na sesión plenaria que tivo lugar o 30 de xuño de 2016, e polo que se aprobou, por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión, a sinatura do citado convenio de colaboración.

Visto o informe emitido polo interventor municipal de data 15 de xullo de 2016.

En aplicación do disposto nos artigos 22.2 g) e 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigos 64.2 i) e 215.3 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo para a execución da obra “Iluminación peonil da ponte romana do Burgo”, cuxo contido se transcribe literalmente a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CONCELLO DE CAMBRE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ILUMINACIÓN PEONIL DA PONTE ROMANA DE O BURGO”

En Culleredo, a de de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o CONCELLO DE CULLEREDO, con CIF P-1503100H, domicilio en R/ do Concello, núm. 12 Tarrío - Culleredo (15189 A Coruña), e no seu nome e representación Julio Sacristán de Diego, na súa condición de Alcalde-Presidente, asistido por Pilar María Pastor Novo, na súa condición de secretaria xeral do Concello, que da fe do acto; e facultado para este acto ao amparo do disposto no Decreto de Alcaldía

Doutra parte, o CONCELLO DE CAMBRE, con CIF P-1501700G, domicilio en Atrio, 1 - Cambre (15660 A Coruña), e no seu nome e representación Óscar Alfonso García Patiño, na súa condición de Alcalde-Presidente, co mesmo domicilio a efectos do presente Convenio, e facultado para este acto ao amparo do disposto no acordo Pleno/Xunta de Goberno/ Decreto de Alcaldía

Ambas partes, recoñécense mutuamente, co carácter en que interveñen, capacidade legal para formalizar o presente Convenio, e a tal efecto

EXPOÑEN

- I. Os concellos de Cambre e de Culleredo están comunicados mediante unha ponte alzada sobre a desembocadura do río Mero, límite entre ambos concellos. Esta ponte, cuxa construción está datada na Baixa Idade Media, forma parte do Patrimonio Histórico-Artístico.*
- II. A obra a executar é a “ILUMINACIÓN PEONIL DA PONTE DE O BURGO”, sistema co que os Concellos pretenden mellorar as posibilidades de uso da mesma, incrementando a seguridade dos peóns que a utilicen, a súa accesibilidade e así contribuír a realzar o seu aspecto.*
- III. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local atribúe aos Municipios, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia do Patrimonio Histórico-Artístico.
A Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia dispón que os municipios galegos exercerán competencias na devandita materia.

A Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se ubiquen no seu termo municipal.*
- IV. A fórmula de convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas de competencia das entidades locais galegas figura recollida no artigo 60 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.
Estes convenio poderán prever o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común, como obras de interese das entidades locais participantes.*

En virtude do anterior acórdase a sinatura do presente Convenio de Colaboración, o cal rexerese polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este Convenio ten por obxecto establecer un marco legal xeral de colaboración entre o Concello de Culleredo e o Concello de Cambre para levar a cabo a execución da obra “Iluminación peonil da ponte de O Burgo”, de acordo co proxecto a redactar e ao que previamente á súa licitación haberán de prestar conformidade ambos concellos.

A contratación das actuacións recollidas neste convenio para a satisfacción da necesidade conxunta escrita, realizarase baixo a modalidade de concorrencia subxectiva na posición do contratante: ambos concellos quedan obrigados respecto do contratista, concorrendo a cotitularidade do contrato e ambos Concellos serán responsábeis directos da obriga de pagamento das cantidades comprometidas, en base ao disposto neste convenio.

O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adxudicación do contrato actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta de todos os participantes, en base a este convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da axeitada coordinación nas relacións internas entre ambos concellos.

SEGUNDA.- ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA OBRA E ORZAMENTO

O alcance da obra a executar ao amparo deste Convenio está determinado na documentación técnica que se elaborou a tal efecto.

Como Anexo a este Convenio, achégase a seguinte documentación descritiva do proxecto da obra a executar:

- Plan de traballo estimativo para execución da obra
- Orzamento da obra
- Características técnicas da obra

TERCEIRA.- CONTRATACIÓN

- A tramitación e adxudicación do correspondente procedemento de contratación da execución da referida obra atribúese ao Concello de Cambre, que actuará por conta de ambos participantes neste convenio.
- Corresponderalle ao Concello de Cambre a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e do proxecto de obra.
- Para poder iniciar a tramitación do procedemento de contratación, haberá de acreditarse no expediente a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación ao mesmo de
 - o convenio formalizado
 - os certificados de existencia de crédito para financiar as respectivas achegas de ambos Concellos e a documentación que acredita a súa retención.
- Aos efectos do artigo 109 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, e en relación co disposto polo artigo 15 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector autonómico, dispónse que non é preciso que o expediente de contratación inclúa a esixencia aos órganos de contratación dos respectivos concellos da formalización dunha garantía da súa achega.
- No caso de que a tramitación do expediente de contratación requira a actuación da Mesa de Contratación, o Concello de Culleredo poderá designar a un representante na que se constituía ao efecto.
- Unha vez adxudicados os correspondentes contratos (de redacción do proxecto de obra, de execución da obra, de dirección da obra e do seu control de seguridade), o Concello de Cambre remitirá ao de Culleredo unha certificación dos correspondentes acordos, preferentemente a través de medios electrónicos, establecéndose as seguintes direccións de correo-electrónico como medio de comunicación:
 - Concello de Cambre: contratacion@cambre.org
 - Concello de Culleredo: contratacion@culleredo.es

CUARTA.- FINANCIAMENTO. PAGAMENTOS AO CONTRATISTA

- O importe máximo fíxase en 19.197,03 euros, correspondentes ao importe total de execución por contrata da obra, o custo de redacción do proxecto de obra, dirección da mesma e do seu control de seguridade.

O importe a financiar adaptarase aos importes de adxudicación do contrato, unha vez adxudicados os mesmos.
- O importe poderá sufrir variacións económicas durante o transcurso da obra, ben sexa por modificacións, revisións de prezos, obras complementarias e outras incidencias que deberán ser aprobadas por ambos concellos antes da súa contratación. A estes efectos, procederase á sinatura da correspondente Addenda a este convenio.
- Establécese o financiamento conxunto do contrato para a execución da obra, para o que se establece unha participación dun 50% de cada unha das partes.
- Orde de abono das achegas:
 - Os pagamentos que houberan que realizarse ao contratista con motivo da execución das obras realizarase en primeiro lugar e ata que esta se esgote con cargo á achega comprometida polo concello de Cambre. Unha vez que o importe certificado exceda o importe comprometido polo concello de Cambre, comunicarse este

circunstancia ao concello de Culleredo, que haberá de ingresar o importe íntegro da súa achega no prazo de quince días a contar dende recepción de tal comunicación.

- *O concello de Culleredo fará efectiva a súa achega na conta indicada polo concello de Culleredo do seguinte xeito.*
- *A realización dos pagamentos ao contratista será efectuada polo concello de Cambre, mais ambos concellos quedan obrigados respecto ao contratista ao concorrer a cotitularidade do contrato e serán responsábeis directos cada un deles da obriga de pagamento das cantidades comprometidas.*
- *No caso de que o contratista non percibise o importe das certificacións no prazo establecido pola Lei de Contratos, cada concello será responsábel na parte que lle corresponda:*
 - *Se o concello de Cambre no puidese facer o pagamento porque o de Culleredo atrasase o ingreso da súa achega, a responsabilidade derivada da demora no pagamento será do concello de Culleredo e terá que facer fronte aos custes indemnizatorios que se deriven de tal feito*
 - *Se o concello de Culleredo fixese a súa achega ao concello de Cambre en tempo e forma, derivada da demora no pagamento será do concello de Cambre e terá que facer fronte aos custes indemnizatorios que se deriven de tal feito.*

QUINTA.- EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DAS OBRAS

A execución da obra realizarase pola empresa adxudicataria, de acordo coa documentación técnica elaborada e conforme á regulamentación e a lexislación aplicable.

A dirección da obra será realizada por un técnico designado polo concello de Cambre. En caso de que non poida atribuír a mesma a algún técnico municipal da súa plantilla, solicitarase ao concello de Culleredo que proceda a designar un director de obra entre os seus técnicos.

En caso de que isto tampouco fose posíbel, o concello de Cambre procederá á contratación do servizo de dirección de obra mediante un contrato de servizos, incrementándose desde xeito o importe deste convenio.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o adecuado control da execución deste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento.

Esta Comisión estará presidida polo alcalde de Cambre ou persoa na que delegue actuando de vocais un concelleiro de Culleredo, e dous técnicos nomeados por cada un dos concellos participantes.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente Convenio ten natureza xurídico- administrativa, en base ao disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. En todo caso, con carácter supletorio, estarase ao disposto no vixente texto articulado da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

OITAVA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas que se susciten entre as partes, serán no seu caso, substanciadas ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que establece o artigo 8.3 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura e estendéndose a súa vixencia ata a liquidación do contrato de obra que se formalice.

O dereito a denunciar o presente Convenio poderá ser exercido tamén por calquera das partes, durante o seu período de vixencia inicial, sendo requisito suficiente o comunicalo fehacientemente á outra parte con antelación mínima de dous meses.

O incumprimento por calquera das partes asinantes dalgunha das estipulacións recollidas no presente Convenio, faculta á outra para solicitar a resolución do mesmo.

DÉCIMA.- ACEPTACIÓN E SINATURA

As partes outorgantes, na respectiva representación que ostentan, aceptan o contido das anteriores estipulacións e, para constancia diso, firman o presente Convenio no lugar e data ao principio sinalados.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de xullo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC (don Juan González Leirós, titular, e dona Elisa Pestonit Barreiros, suplente) e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Leonor Fernández Grande, titulares). Abstivéronse os dous concelleiros do PP (dona Rocío Vila Díaz e don Manuel Rivas Caridad, titulares), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos, titular), o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o asunto que se trata é que o Concello de Cambre e o de Culleredo pretenden levar a cabo a obra de iluminación peonil da ponte romana do Burgo. Para isto, correspóndelle ao pleno a competencia deste convenio. O que fai o Concello é facer un convenio co Concello de Culleredo para repartir as cargas deste proxecto de iluminación que está cifrado en 19.000 euros. O que se presenta aquí é precisamente o convenio entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo para levar a cabo esta obra, unha obra tan necesaria como imprescindible para que a ponte romana do Burgo teña a iluminación que necesita.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que o seu grupo vai a solicitar que este punto da orde do día se deixe sobre a mesa, porque toda a documentación que se lles facilitou, incluso, o proxecto que lles remitiron onte pola mañá con cincuenta e tres páxinas, deixa ás claras que xa no Concello de Culleredo, que o levaron ao pleno o mes pasado, hai un erro en canto ao 50% de custo. Di que el incluso falou co alcalde de Culleredo e dixo como habían aprobado isto, se era o 50% do custo, e resulta que o 50% non corresponde. Di isto, porque cre, que ben é verdade que a ponte do Burgo necesita iluminación, ben é verdade hai moitos anos que a necesita, pero tamén é verdade que el cre que o proxecto debía ser un pouco máis ambicioso. Refírese precisamente á zona de Cambre onde desemboca, se vés pola ponte do Burgo cruzando e para desembocar non hai unha cadeira de rodas que pase por aí e as persoas con idade tampouco.

Polo tanto, proporía deixalo sobre a mesa porque á fin e ó cabo o Concello de Culleredo vai a ter que volver a levar isto e non sabemos se o vai a aprobar por maioría absoluta ou non, polo tanto, e facería lóxicamente un proxecto un pouco máis ambicioso poñendo o que digan os técnicos pero cre que hai solucións económicas para deixar a ponte do Burgo e non facer agora un parche, solicitar permiso a Patrimonio e despois tratar de facer outro parche volvendo a pedir o mesmo permiso a Patrimonio.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que nesta lexislatura e, sobre todo na lexislatura pasada, lembraremos todos que foron moitas as ocasións que falamos deste tema e que solicitamos reiteradamente que se tomaran cartas no asunto con respecto da iluminación da ponte peonil do Burgo. Neste momento, atópanse con esta proposta tan desexada de iluminar correctamente a ponte, e certo é que o convenio que se ten que realizar entre os dous concellos necesita determinadas puntualizacións que se teñen que retocar para darlle máis seguridade á cooperación de Culleredo e Cambre, que seguramente non deixan de obedecer ás presións coas que e, isto é unha suposición, que lle corrixan se se equivoca, se pretendía

levar a cabo esta obra, entende que polo tema das festas do Burgo, pero, aínda así, hai unha serie de efectos que non se deben escusar.

Continúa a dicir que tampouco significa isto que sexan defectos que impidan a aprobación desta proposta e dende a Asemblea Cidadá de Cambre están satisfeitos pola xestión realizada e polo inicio de cooperación entre Cambre e Culleredo que seguramente poida ser un primeiro paso para poder igual, nun momento determinado, como dicía o señor Rivas, acometer outro tipo de obra a maiores, pero cre que sería perder unha boa oportunidade que polo módico prezo, e lle van a permitir a expresión, de 9.000 euros, se poida iluminar a ponte, que fai moitísima, moitísima falta. Eses defectos, pois si efectivamente haberá que rectificalos. O seu grupo celebra e apoia esta proposta e, se máis adiante, hai máis melloras para a ponte ou para Cambre en xeral, pois estupendo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o Bloque Nacionalista Galego celebran que isto se leve a cabo, entenden ademais que é algo urxente, que chega con atraso, que moitas veces diante da sociedade é difícil de explicar pois como esa ponte permanece sen luces, como dous concellos de máis de vinte mil habitantes foron incapaces ata o de agora de chegar a un acordo efectivo, rápido e total e absolutamente inmediato para dotala de iluminación, máxime cando aínda sumándolle a eses dous concellos a Xunta de Galicia xa acometeu recentemente unha obra de mellora da estrada que une ambos concellos.

Expón que naquel momento, o seu grupo dixo que non se entendía que sendo a ponte románica sobre a ría do Burgo parte dese sistema de comunicación, porque non deixa de ser unha beirarrúa desa mesma estrada, non se incluíra na obra integral de mellora. Non puido ser, houbo cartos para outras cousas, poderíamos falar de dispendios económicos respecto do novo paraugas, camuflados maxistralmente en operacións de enxeñería contable dignos do mellor dos eloxios, pero non houbo nin cartos nin sensibilidade, porque non houbo sensibilidade de carácter, en fin, patrimonial, cultural e artístico para con esta ponte e non houbo nin sequera pois a delicadeza de resolver nese momento o tema da súa iluminación.

Continúa a dicir que se fai agora, benvido sexa e contará por suposto que si co voto favorable do BNG.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, voceira do GM (C's), considera que é moi necesario dotar de iluminación a ponte romana do Burgo e considera apropiado que sexa entre Cambre e Culleredo, unha vez, iso si, que se rectifiquen eses pequenos erros, como se veu nas comisións informativas. Eran pequenos erros de redacción. A secretaria dixo que iso se podía rectificar cando se asinara o convenio, sendo así, o voto do seu grupo vai a ser a prol. Sabe que isto vai con atraso e que necesita o apoio de todos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que cando o seu grupo pide que este punto da orde do día quede sobre a mesa para levalo ao vindeiro pleno, non quere dicir que estean en contra do proxecto, en absoluto, é moi necesario, e ademais, con urxencia, debería estar feito, é verdade, polo que sexa, chegaron ao acordo e parécelle ben. Non o poden votar a prol polas deficiencias que ten o propio documento que lle deron, pero tampouco se opoñerán a que o proxecto siga adiante. Polo tanto, o voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que quere facer dúas aclaracións.

A primeira, quedou claro, xa se dixo por outro concelleiro, que a secretaria insistiu que os defectos eran puramente materiais, é dicir, que non tiñan ningunha importancia e que eran solucionables.

A segunda cuestión, que non quería entrar nela pero hai que dicilo, xa que se insiste, o problema de Patrimonio, da pedra e do paso é moito máis complicado, porque necesita doutro tipo de inspección técnica, que non

necesita a iluminación. Polo tanto, non darnos de comer, porque soamente imos comer pan, lle parece que é mellor comer un codelo e matar a fame que non morrer a fame, porque queremos comer bistés.

O señor alcalde manifesta que o tema da incorporación na ponte do Burgo dende Cambre, esa empedrada que hai aí, xa faláron con Patrimonio, están a buscar unha solución para iso, porque hai que poñer unha especie de cristal ou metacrilato que sexa antiescorregadizo. Non é fácil a solución, pero xa están a traballar niso e, dende logo, Culleredo se vai a opoñer a que esa obra que está en Cambre que eles teñan que pagar a metade, o di, porque xa o alcalde de Culleredo xa llo dixo, vos toca a vós, facedo vós. Quere dicir que está a traballar nisto tamén, non por iso, ían deixar que a parte da ponte romana quede sen iluminar. Están mirando tamén de facer unha iluminación na outra ponte, que estea de acorde coa do paraugas para que o día internacional de con cor tal, pois que estea todo iluminado da mesma forma.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que o entende perfectamente, porque esa é unha solución. El xa o dixo nas comisións, o que pasa é que o señor alcalde non estaba. Precisamente o día que se inaugurou a rotonda do Paraugas, estando presente o primeiro tenente de alcalde de Culleredo e o persoal de Patrimonio e da Xunta, estaban tamén o arquitecto municipal e o enxeñeiro municipal de Cambre. Di que foron a entrada, ao acceso da ponte vella do Burgo e propuxeron unha solución e foron precisamente os técnicos do Concello de Cambre, tanto o arquitecto como o enxeñeiro, os que achegaron a solución de poñer un cristal. Di que el está de acordo, non se vai a opoñer como grupo, todo o contrario. Se ve que é necesaria a iluminación da ponte do Burgo e sabe que Patrimonio sempre pon moitísimas pegas en todo ao que afecta ás pedras. Non se opoñerán, pero quere aclaralo, porque parece que dá a impresión que o seu grupo se opón a unha obra que é necesaria para todos os veciños de Cambre. Que lle gustaría que fora máis completa, perfecto. Que tamén é verdade que lle corresponde a Cambre, e non ao Concello de Culleredo, e que o señor Sacristán, loxicamente, non vai a querer pagala, de acordo. Pero xa que se fai a solicitude a Patrimonio, facer a solicitude unha soa vez, porque sabemos, ou polo menos el o sufriu, o que é enviar un proxecto a Patrimonio.

O señor alcalde manifesta que cando se teña claro con Patrimonio, non antes, senón con Patrimonio que tipo de solo se vai a poñer, cando teñan claro que Patrimonio o vai a aceptar, farán a solicitude. Non antes, para que a deneguen e volver a comezar de novo. Isto o ten claro. Precisamente foi unha insistencia por parte do Concello de Cambre ao Concello de Culleredo respecto das festas do Burgo que debíamos ter iluminada esa ponte antes das festas do Burgo. Non puido ser, e non foi por culpa do Concello de Cambre, tamén o quere dicir.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os seis concelleiros do PP.

O Pleno municipal, por quince votos a prol, cúmplase coa maioría absoluta esixida no artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 215.3 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Proposta en relación co transporte na contorna metropolitana da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de xullo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Nos últimos anos a contorna metropolitana da Coruña vén demandando un protagonismo para facer fronte de forma conxunta aos problemas globais do asentamento da poboación en zonas urbanas debido á concentración nas grandes cidades e o seu contorno dos factores de xeración de riqueza.

Isto xera un aumento de desprazamentos de persoas en traxectos urbanos inferiores a 50 km que provoca conxestión de tráfico, contaminación atmosférica, contaminación acústica, consumo enerxético, impacto na saúde, deterioración dos espazos comúns, custo económico, perda de competitividade, exclusión social, etc.

Os municipios da Coruña e a súa contorna, viven con preocupación estas circunstancias, e senten a necesidade de dar solución ás demandas da poboación. De aí que se suscite unha estratexia común para satisfacer as necesidades de mobilidade de persoas e empresas nas cidades e os seus arredores, tendo en consideración os principios de integración, participación e avaliación tal e como define a guía europea *Developing and implementing a Sustainable urban mobility plan*.

Tamén a guía que en 2006 publicaba o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para a elaboración dun PMUS (plan de mobilidade urbana sostible), referíase a este como *“un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sostibles (camiñar, bicicleta e transporte público) dentro dunha cidade; é dicir, de modos de transporte que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social e defensa do medio ambiente, garantindo, desta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns”*.

Actualmente os gobernos locais da contorna metropolitana están colaborando conxuntamente a través de “mesas de coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial” que constitúen grupos de traballo conxunto na posta en común das problemáticas derivadas da mobilidade dos seus veciños e na busca de solucións compartidas que favorezan a comunicación dos seus municipios entre si, e coa cidade da Coruña. Preocupa especialmente fomentar o uso do transporte público e colectivo e outros modos non motorizados, medios de transporte de menor custo social, económico, ambiental e enerxético.

Non obstante, sendo de competencia autonómica o transporte público regular interurbano de persoas, calquera solución que se pretenda no fomento do transporte público colectivo entre municipios, pasa pola intervención da Administración Autonómica.

O artigo 1 da lei 6/1996, de Galicia, dispón que:

1. É obxecto da presente lei a coordinación dos servizos de transporte público urbano de viaxeiros cos servizos de transporte interurbanos, nos supostos en que o establecemento ou a ampliación dos primeiros afectan os servizos interurbanos previamente establecidos, sempre que se presten integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Compréndense no ámbito de aplicación da lei tanto os servizos permanentes coma os temporais e tanto os de uso xeral coma especial.

2. A coordinación a que se refire esta lei estenderase tamén aos servizos dos que o Estado lle delegue a súa ordenación ou xestión, total ou parcial, á Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Así mesmo é obxecto da presente lei a regulación de situacións peculiares na prestación dos servizos de transporte público discrecional interurbano en autotaxi, nos cales o réxime eminentemente local do transporte necesita ser modulado, co fin de evitar disfuncións na prestación do devandito transporte mediante autotaxi.

E o artigo 3 do mesmo texto legal di: Fins e principios.

1. A coordinación dos servizos de transporte público de viaxeiros servirá para os seguintes fins:

a) Integración nunha soa rede dos seguintes servizos de transporte público: urbano, de titularidade municipal, e interurbano, de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou xestionado por delegación do Estado.

b) Satisfacción das necesidades da comunidade.

c) Establecemento dos instrumentos de conexión necesarios entre o planeamento sectorial de transportes e a ordenación territorial, así como, se é o caso, dos mecanismos para a fixación das infraestruturas de transporte.

2. A coordinación dos servizos de transporte público axustarase ós seguintes principios:

a) Eficacia na xestión co mínimo custo económico e social.

b) Autonomía dos concellos na xestión dos seus servizos de transporte.

.../...”

A Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estradas de Galicia, establece que “a garantía da mobilidade dos cidadáns e a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

axeitada ordenación do territorio require de actuacións activas dos poderes públicos e, especificamente, da garantía dun sistema de transporte eficaz e eficiente”.

O 10 de febreiro de 2009, asinouse un protocolo de intencións entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, para o desenvolvemento conxunto de actuacións de fomento de transporte público no ámbito desta área de transporte metropolitano da Coruña, para facer fronte ao problema xa detectado naquel entón:

Potenciar o transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento dos cidadáns da área metropolitana e incidir na redución no uso do vehículo particular.

Na execución deste protocolo os municipios cooperan coa Xunta de Galicia no programa para incrementar a oferta de transporte público mediante a implantación de novos servizos ou intensificación doutros xa existentes co obxectivo último de mellorar a cobertura e funcionalidade do sistema de transporte público colectivo. Tamén no programa para a implantación dun sistema tarifario integrado e no programa de mellora de información nas infraestruturas asociadas ao transporte colectivo.

Por todo isto o sistema resulta insuficiente e insatisfactorio: os percorridos do transporte público colectivo resultan excesivamente longos, e os itinerarios, horarios, frecuencias, escaseza das liñas con penetración na cidade... e viceversa, non son os máis axeitados, nin se adaptan ás necesidades actuais de mobilidade dos cidadáns.

De aí que tendo o transporte público colectivo unha grande incidencia na intercomunicación e a mobilidade de todos os municipios da contorna metropolitana da Coruña e estando relativamente cerca o prazo de extinción das concesións de transporte habitualmente usadas pola poboación asentada neste ámbito, é polo que se estima que é o momento óptimo para demandar o protagonismo que os municipios deben ter na toma de decisión relativas ao transporte público colectivo da contorna metropolitana da Coruña.

Por isto ao Pleno do Concello proponse:

Primeiro: Demandar da Xunta de Galicia que facilite a participación dos concellos da contorna metropolitana da Coruña, na elaboración dos traballos previos para a adxudicación das novas concesións de transporte público interurbano regular de persoas por estrada de uso xeral - unha vez vencido o prazo dos correspondentes títulos contractuais - co fin de integrar as propostas sobre mobilidade urbana que os respectivos concellos están elaborando para satisfacer as demandas da poboación, cunha visión claramente metropolitana.

Segundo: Que para o efecto se cree unha comisión de seguimento para garantir a participación dos municipios e a coordinación entre a elaboración de pregos de condicións das novas concesións cos traballos que sobre mobilidade urbana formulen os concellos.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de xullo de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC (don Juan González Leirós, titular, e dona Elisa Pestonit Barreiros, suplente) e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Leonor Fernández Grande, titulares). Abstivéronse os dous concelleiros do PP (dona Rocío Vila Díaz e don Manuel Rivas Caridad, titulares), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos, titular), o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Juan González Leiros, voceiro de UxC, manifesta que o problema da mobilidade non é un problema que imos descubrir agora aquí, do transporte metropolitano, co cal, cre que non hai que avanzar moito, cre que todos estamos de acordo en que hai unhas deficiencias, sobre todo, nos núcleos rurais, que hai que tratar con prontitude. Ante isto, a área metropolitana da Coruña, todos os concellos están mantendo unhas reunións constantes e continuas para elaborar un mapa de transporte metropolitano en toda a área. Nesta situación, o que solicitan a Xunta é a súa colaboración e ademais a intervención porqué. Porque se están dando unha serie de concesións que están rematando os prazos e se están volvendo a recompoñer as concesións. Cre

que é o momento en que os concellos participen tamén na elaboración do mapa do transporte metropolitano e mobilidade. O que lle piden á Xunta, neste caso, é exactamente demandar da Xunta de Galicia que facilite a participación dos concellos da contorna metropolitana da Coruña na elaboración dos traballos previos para adxudicar as novas concesións de transporte público interurbano regulador de persoas por estradas de uso xeral, unha vez vencido o prazo dos correspondentes títulos contractuais, a fin de integrar as propostas sobre mobilidade urbana que os respectivos concellos están a elaborar para satisfacer as demandas da poboación, cunha visión claramente metropolitana, fundamental, metropolitana, se non, non remataremos co problema do transporte.

Continúa a dicir que para o efecto se cre unha comisión de seguimento para garantir a participación dos municipios e a coordinación entre a elaboración de pregos de condicións das novas concesións cos traballos que sobre a mobilidade urbana formulen os concellos. Isto é o que se demanda.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que, como é lóxico, votarán a proposta do goberno a prol, porque lles parece que todos os concellos teñen que participar e a mellor maneira de velo, é loxicamente moitas veces pateando os camiños e máis sabendo onde ter que ir o autobús, polo tanto, o seu grupo votará a prol.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que esta proposta está perfectamente redactada nos dous puntos que presenta. É necesario, por unha parte, que os concellos participen, como veñen dicindo ata o de agora, na elaboración de traballos previos á adxudicación, sobre todo, as novas concesións, pero tamén o é que se cree esa comisión da que se fala na proposta, de seguimento para poder garantir a participación dos concellos e a coordinación entre a elaboración de pregos de condicións das novas concesións e isto é realmente importante se temos en conta que hai aproximadamente un mes, a conselleira de infraestruturas dona Ethel Vázquez presentou unilateralmente un plan de modificación de rutas, sen ter nin a deferencia de comunicarllo os concellos afectados, pero, iso si, con presentación ante os medios de comunicación en plena campaña electoral.

Continúa a dicir que se temos en conta que ademais nos atopamos coa presente licitación das concesións, evidentemente este, e non outro, é o momento de que os concellos teñan voz directa na elaboración dos pregos para poder interceder na elaboración das rutas e das frecuencias. Di que non sabe se se equivoca, señor Leirós, pero cre que esta proposta partía do Concello de Bergondo e o resto dos concellos se están sumando. En calquera caso, agora a corrixirán, felicita a proposta, por suposto que si, felicita os concellos por este diálogo nun tema que cre que é dos máis importantes na nosa comarca, que é o tema do transporte, e, sobre todo, animar a seguir loitando neste sentido para poder chegar a un servizo un pouco máis digno do que temos neste momento.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta dende o Bloque Nacionalista Galego o seu apoio a esta moción, entendendo que é unha moción total e absolutamente de mínimos e que queda coxa en múltiples aspectos, sobre todo, no que teñen a ver con cuestións que poidan afectar a día de hoxe ou a día de mañá o noso concello.

Comezando, sen embargo, por cuestións xenéricas manifesta que no punto primeiro, o seu grupo estaría moito máis de acordo con que se intentase, se falase, se quer, se mencionase a posibilidade de que esas novas concesións de transporte, tendo en conta de que as actuais están próximas a vencer, a caducar, puidera haber unha compañía pública que as titularizara e non seguir no actual réxime de explotación en mans privadas onde o que prima, loxicamente como toda actividade privada, é o beneficio, o lucro, neste caso, a título empresarial, e non o beneficio social para o conxunto da cidadanía.

Continúa a dicir que se fala dunha comisión de seguimento, comisión de seguimento que sería total e absolutamente innecesaria se, nesta bendita comarca de Dios, tiveramos a día de hoxe constituída, por exemplo, unha área metropolitana digna de tal nome. Pero é que a maiores disto, entende que, por non querer en fin, é



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

dicir, tocar temas puntillosos, non se fai mención ás irregularidades que se están a dar a día de hoxe por parte das empresas concesionarias de transporte que de xeito, nalgúns puntos unilateral modificaron varias das rutas que tiñan asignadas ao punto de deixar de prestar servizo nalgunhas delas literalmente desapareceron, todo iso, coa anuencia da Xunta.

Expón que este documento xorde casualmente nun momento próximo a unhas eleccións autonómicas onde, próximo a unhas eleccións autonómicas, o goberno da Xunta fixo pública, como facía mención a compañeira dona Maria Olga Santos López, un plano de accesibilidade á cidade da Coruña. Claro, a xente di fíxoo de maneira unilateral, si pero, o fixo seguindo e respectando escrupolosamente as disposicións legais vixentes. Ningúen lle pode botar absolutamente nada en cara. Unicamente falou co Concello da Coruña que é efectivamente o afectado neste caso, por modificar en separadas dentro dese termo municipal. Vemos, que estamos nunha situación de total e absoluta impotencia. Non temos ningún mecanismo de defensa, ningún xeito de facer valer os intereses dos veciños de Cambre dende o apartado netamente municipal; si o podemos facer, pois igual, a través do Parlamento galego, instancias autonómicas, etc.

Continúa a dicir que ao seu modo de ver, en fin, isto ten un pouco, dío así como mellor das intencións, de brinde ao sol, non se concreta absolutamente nada máis alá de boas intencións e o que están vendo a día de hoxe, xa ao dixo, porque cre que está tamén nos organismos neste caso, de representación institucional para facer política e para falar de política, o que está habendo agora mesmo é un tirapuxas, é unha guerra soterrada de intereses entre diversas compañías e diversos partidos políticos.

Di que ao modo de ver do seu grupo, é clamoroso que contra do que se prevía nun momento, comezo do actual mandato municipal, o goberno municipal da Coruña está a ter unha moi boa relación coa compañía de tranvías da Coruña, contra do que moitos quizais dende o propio executivo autonómico podían prever e o contraataque do executivo autonómico é ese plan de accesibilidade para restarlle clientela á compañía de tranvías da Coruña. Chégase ao punto, ao paroxismo de que o concelleiro de Transportes da Coruña o que di agora é que os buses da compañía de tranvías da Coruña tamén poden facer paradas nos concellos da área metropolitana. Isto é un auténtico sen deus, é dicir, non hai directrices para nada claras, non hai nin mecanismos para chegar a esas directrices por un mínimo de consenso.

Di que polo tanto, benvida sexa esta proposta, pero sendo moi consciente de que é unha proposta que chega nun período total e absolutamente preelectoral a nivel autonómico e que ten moi pouco percorrido, porque ese percorrido vén dalgunha maneira xa limitado polo escaso calado, polo escaso impacto que teñen os dous puntos que se propoñen.

Con todo, o voto do seu grupo vai a ser a prol, por suposto que si, o seu grupo é unha forza política que aposta por un transporte público na comarca dende hai moitos anos e nesa liña seguirán e todo paso por pequeno que sexa, será benvido.

Concedida a palabra a dona Maria José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ao seu grupo lle parece que son os concellos precisamente os que poden facer as principais achegas a estes traballos previos, porque teñen unha información e unha experiencia que a Xunta non debe de obviar. Para Cambre, incorporarse a ese sistema de coordinación e seguimento cos diferentes concellos metropolitanos é unha mellora moi importante. Di que o voto do seu grupo vai a ser a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que a proposta non parte do Concello de Bergondo. A proposta parte dunha mesa de traballo que hai de coordinación da área metropolitana que se creou precisamente para crear a área metropolitana. En definitiva, resume de maneira moi rápida, a área metropolitana ten dous conceptos. Un, crear a área metropolitana sen contido. E hai outro concepto que é crear a área metropolitana con contido. Hai unha parte que pensa, entre eles Coruña e cre que Cambre tamén, para crear a área metropolitana é mellor ter primeiro o contido e despois crear a área metropolitana, porque as experiencias

no sentido contrario os levaron a grandes guerras e a grandes batallas. Polo tanto, o contido da área metropolitana se está a avaliar agora dende unhas mesas de traballo, como son, de planeamento, de mobilidade, de residuos sólidos, de auga, hai cinco ou seis mesas que están contidas e todos os meses se reúnen. Neste sentido, en canto teñan un pequeno programa da área metropolitana, se tratará o proceso da área metropolitana. Isto en contestación un pouco tamén ao BNG. A realidade partiu desta mesa, quen foi o primeiro que dixo, insinou este tema foi a partir dunha reunión que mantiveron coa directora xeral de Transportes, onde efectivamente se impuxo un plan de transportes con toda a legalidade do mundo, o ten que dicir, e non houbo nese sentido ningún tipo de apelación, pero se creía e se necesitaba algo máis, sobre todo, Culleredo e Cambre, algo máis, algunha participación. A partir de aí, Oleiros é o que toma a bandeira e nesa reunión se di que hai que facer este escrito e de aquí parte. Xa o aprobaron todos os concellos, soamente queda Cambre e cre que Carral por aprobalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Proposta de modificación na Relación de Postos de Traballo das retribucións complementarias do posto de traballo de aparelador

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais do día 13 de xullo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Con data do 20 de xuño de 2016, asinei providencia requirindo á Unidade de Réxime Interior proceder co informe proposta necesario para revisar as retribucións complementarias do posto vacante de aparelador para axustalas ás dos postos de traballo de técnico de Administración Especial de grao medio afíns e de Xestión de Administración Xeral que non teñen rango de xefatura.

Con data 1 de xullo de 2016, a Área de Urbanismo e Réxime Interior emite o informe solicitado na miña providencia antes citadas.

Con data 6 de xullo de 2016, se convoca a Mesa Xeral de Negociación para tratar entre outros puntos da orde do día a “*Modificación ficha posto de traballo de aparelador*”.

Considerando que o órgano competente para a aprobación desta modificación da R.P.T. é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985 de bases de réxime local, sen que se esixa unha maioría cualificada para elo.

Formulo ao Pleno da Corporación de Cambre a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto de Aparellador no que ás retribucións complementarias se refire igualándoas ás dos dous postos de traballo de Enxeñeiro técnico industrial e de Enxeñeiro técnico de obras públicas, quedando estas pois da seguinte maneira:

- Complemento de Destino: nivel 24
- Complemento Específico: 10.458,13 euros.

Segundo: Aprobar a ficha da Relación de postos de Traballo correspondente ao posto de aparelador tal e como a continuación se transcribe:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCELLO DE CAMBRE

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DO POSTO: APARELLADOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Seguimento das obras que se realizan no municipio. Informes técnicos sobre expedientes de licenza de obra. Traballos e informes técnicos e elaboración de proxectos e propostas para os que habilite a súa titulación.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO HOMOXÉNEOS: 1

Código: AL151700011 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: A2
ESCALA: Administración Especial
SUBESCALA: Técnica
CLASE: Técnicos Medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de Arquitecto Técnico

REQUIRIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Disponibilidade puntual para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓN DO POSTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 24): 7.065,00 euros (588,75 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 10.458,13 euros (747,01 mes + 2 pagas)

OBSERVACIÓN:

Terceiro: Someter a información pública a través do anuncio a publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o presente acordo así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 20 de xullo de 2016, por tres votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC (dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso, titulares) e ao concelleiro do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, titular). Abstivéronse os dous concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel e don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, titulares), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos, titular), o concelleiro do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSde G-PSOE, manifesta que ante a xubilación do arquitecto técnico xorde a necesidade de contratar un arquitecto técnico, aparelador, e polo departamento de persoal, tal como se fixera no ano 2012, se modificou a ficha e se adapta os emolumentos ao resto de A-2 do Concello de Cambre, dado que as funcións que estaba a desenvolver o aparelador naquel momento, exercía funcións de xefe do servizo, e ademais era o responsable de planeamento e de ordenación; hoxe en día, funcións que xa non lle corresponderían, posto que hai contratados dous arquitectos superiores, polo que as funcións do aparelador quedan limitadas ás propiamente da súa titulación.

Continúa a dicir que a proposta sería entón pasar o complemento de destino a un nivel 24, cun montante de 7.065 euros e o complemento específico de 10.458,13 euros. No seu momento, a aprobación da modificación da RPT contou coa aprobación de todos os sindicatos constituíntes da mesa de negociación, mentres que neste momento, agora, simplemente contou co voto afirmativo da UXT, e o voto en contra de Comisións e CIGA.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que o seu grupo vai votar a prol despois de tela estudado e despois de ternos aclarado precisamente ese punto que era o consenso dos sindicatos. Non estaba claro, non se entendía claro quen votara a prol e quen en contra. Unha vez visto o expediente, o seu grupo vai apoiar a proposta e votar a prol.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que, o di en todos os plenos e a ver se por repetición se queda algo, que actualmente o panorama dos concellos é desolador. Isto queda dito. E agora continúa. Este é outro dos exemplos que avalan esta afirmación e a situación que nos atopamos en relación coas nosas competencias, como temos as mans atadas para un montón de cousas que o que fan ao final é prexudicar a todos. A entrada en vigor da Lei de emprego público esixe que todos os postos de traballo que figuren na RPT estean dotados de orzamento. A día de hoxe é coñecedora de que revisar unha RPT dende cero se fai incómodo. Coa entrada en vigor desta lei que o Partido Popular, de novo, aprobou en solitario pasándose pola manga máis de oitocentas emendas que presentaron partidos como AGE, BNG, Partido Socialista, baixo pretexto de que esta é a lei da recuperación económica para todos, cando o que fai realmente é, resumindo, reforzar o poder do executivo e acoutar o dereito dos traballadores.

Continúa a dicir que dito isto, que o quería dicir para quedarse ela a gusto, a cuestión é que necesariamente Cambre si que necesita, si que precisa dunha actualización da valoración en conxunto da RPT e para isto é necesario poñerse a traballar inmediatamente tal como afirmaba que así se facía o propio concelleiro na acta da mesa de negociación. Os sindicatos tamén coinciden en manifestalo, é dicir, é necesario realmente facer unha valoración íntegra de todos os postos de traballo do concello para non ter que caer en modificacións puntuais, en modificacións concretas do concelleiro que lle corresponda en este caso, con toda a mellor intención, por outra parte, pero, efectivamente non deixan der ser eses parches, que non hai outra forma de facelo.

Evidentemente, a Asemblea Cidadá de Cambre non vai interferir nesta proposta, o que vai a facer é absterse.

Tampouco o pode votar a prol, precisamente porque entende que non, é isto si que é certo que tampouco é responsabilidade do actual goberno, pero a situación desexable non sería esta. Certo tamén é que, aproveitando esta oportunidade, pide ao concelleiro responsable, a don Juan Evaristo Rodríguez que non deixe de lado esta valoración íntegra necesaria e di que aquí está para o que necesite.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo é a abstención.

Concedida a palabra a dona Maria José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vota a prol.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2016-2017

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación do día 15 de xullo de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre vén concedendo dende hai case 24 anos, bolsas de estudo como acción de fomento destinadas a familias con escasos recursos económicos e con fillos en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, en exercicio das competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

Dende o Concello de Cambre preténdese conceder axuda económica por medio da convocatoria de bolsas de estudo ás familias do alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

O alumnado de educación primaria ten axuda da administración educativa para libros de texto e material escolar pero non para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización. Por iso, mantense nesta convocatoria a axuda para uniformidade ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria pero minorando a cantidade xa que neste caso so se destina para un dos tres conceptos para os que se destina a axuda.

Por todo iso, visto o informe favorable emitido dende o departamento de Educación, propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as Bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2016 – 2017, que se achegan e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das Bases), así como a súa convocatoria.

Segundo: Aprobar o gasto de *doce mil euros* (12.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 326 48100 “Becas de estudio e libros educación”

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlle publicidade aos mesmos mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 20 de xullo de 2016, por tres votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC (dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso, titulares) e ao concelleiro do PSdeG-PSOE (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, titular). Abstivéronse os dous concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel e don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, titulares), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos, titular), o concelleiro do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Vista a emenda presentada polo grupo municipal de ACdC-SON, rexistrada de entrada ao núm. 999/078, o día 25 de xullo de 2016, que consta do seguinte teor literal:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Que na base sexta das bases propostas, inclúese unha modificación, que reduce o prazo das solicitudes respecto das bases da convocatoria anterior, do 1 ao 20 de setembro de 2016.

Non coincidimos co criterio que xustifica esta decisión, tendo en conta que é unha percepción subxectiva que non xustifica suficientemente a conveniencia da dita redución.

No informe técnico que soporta esta redución indícase expresamente que “tendo en conta que as bases desta convocatoria propóñense para a súa aprobación no pleno do mes de xullo e polo tanto hai marxe suficiente para a súa difusión...”.

Entendemos que a marxe suficiente non é un criterio obxectivo que permita reducir o prazo tendo a seguridade de que a dita redución non implique directamente un inferior número de solicitudes.

Solicito:

Que en base ao artigo 115.1 do ROM, dea por cumprimentada e tome en consideración a seguinte EMENDA DE MODIFICACIÓN ao segundo parágrafo da base sexta, quedando redactada como segue:

O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 30 de setembro de 2016 do que se informará a través do taboleiro de anuncios do Concello, de publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria así como na páxina web do Concello.”

Concedida a palabra a don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do Partido Popular, manifesta que o seu grupo entende efectivamente que os prazos son necesarios. A xente necesita tempo suficiente para poder asumir toda a documentación que se lle esixe para presentar e, polo tanto, apoian esa emenda.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai aprobar a emenda solicitada.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do Psde G-PSOE, manifesta que aproba a emenda.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que está de acordo coa emenda presentada polo grupo de ACdC-SON.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo aproba a emenda.

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona María Jesús Gómez González, concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, manifesta que se presenta ao pleno a aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2016-2017, tamén aprobar o gasto de 12.000 euros por conta do orzamento 2016.32648100 para bolsas de estudo e libros de educación. Di que serían subvencionables os gastos derivados de libros de texto, material escolar, uniformes, neste caso, vestiario destinado a escolarización para o alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria.

Concedida a palabra a don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que dende o grupo municipal popular seguen preocupados, pero profundamente preocupados, pola exclusión dos alumnos de

Cambre que non teñen recursos económicos e están excluídos destas subvencións polo delito de estar nun colexio público sostido con fondos públicos pero que o titular non é o Estado. Como se especifica nas bases, fala de que soamente son alumnos de colexios públicos. Di que isto está moi ben, non se opón lóxicamente a ese tema, pero que si lle parece estraño, un goberno do corte que temos neste momento en Cambre exclúa a xente que non ten recursos económicos e o seu delito é estar neste momento o seu fillo matriculado nun colexio sostido con fondos públicos. É este un dos motivos suficientes para votar en contra desta proposta, pero ademais disto, tamén ve que na convocatoria do ano pasado se concederon 130 bolsas, segundo informes que lle facilitaron, e que se quedaron fóra da convocatoria 79 alumnos, por falta de crédito suficiente; ou sexa, máis do 50% dos que solicitaron a bolsa e que reúnen as condicións para optar a ela, quedan excluídos por que non se estableceu crédito suficiente. Di que este ano na proposta se di que haberá un número determinado de bolsas en función do ciclo correspondente, 72 para primaria infantil, etc, etc. Di que isto quere dicir que, a priori, xa se está limitando a capacidade de que a unha persoa de Cambre quede excluída porque se agotaron os recursos. Entende que o que se debe facer neste caso é aumentar a dotación orzamentaria para que poidan entrar todos os que o necesiten realmente. Pregunta quen o necesita. Os que cumpran os criterios establecidos nas bases, que está de acordo con estes criterios, non están de acordo é que se estableza unha cantidade como é a de 12.000 euros, que polo que vimos, xa no ano anterior, non cubre nin o 50% da demanda que hai neste caso. Polo tanto, en principio, se non hai estas modificacións, o voto do seu grupo será en contra.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que a día de hoxe e, coincidindo sospeitosamente co que di o seu compañeiro que lle acaba de preceder, di que é unha broma, coincide en que é insuficiente tanto a dotación orzamentaria como o importe das bolsas, tendo en conta efectivamente o mesmo que dicía o señor Mora, que quedaron fóra de axuda por falla de crédito aproximadamente oitenta nenos, setenta e nove nenos e nenas o curso pasado.

Dende Asemblea Cidadá de Cambre por unha cuestión de responsabilidade presentouse esta emenda que se debateu anteriormente de modificación para ampliar o prazo de solicitudes porque son coñecedores de que se estas bolsas de estudo non se aproban neste pleno, deberían ir xa a pleno de setembro, e precisamente no momento que comeza o curso escolar, todo se atrasaría enormemente e as familias non percibirían as bolsas, non sabe, isto é un cálculo que fai ela, pero practicamente para principios do vindeiro ano.

Continúa a dicir que o que pide ao goberno, de cara á convocatoria do curso que vén, é dicir, estamos no mes de xullo e isto, en principio, segundo o seu criterio se debería aprobar. De cara á convocatoria do curso que vén e estudando a documentación sendo absolutamente obxectivos, as contías unitarias entende que cada unha delas son insuficientes, son claramente insuficientes. Un neno de educación infantil, fala na parte que ela coñece que tampouco se puxo a estudar unha por unha todas as contías que desembolsan, pero no caso do seu fillo, nun colexio público ten entre libros, material escolar, vestiario de escolarización, de aproximadamente, fixo onte a conta, de 200 euros. De feito, ten aquí a lista de material por se a queren ver. E asegura, ademais, que o colexio no que estuda o seu fillo, que é un colexio público, é dos que piden pouco material, ten esa sorte, piden moi pouco material escolar, máis ou menos 200 euros e é un neno de tres anos e medio, quere dicir, que unitariamente, cada unha das axudas das bolsas deberíamos, cando menos, revisalas, quizais sexan insuficientes.

Di que a cobertura total, fala dos 12.000 euros, tamén é insuficiente, queda demostrado dende o momento que oitenta nenos, oitenta nenas quedan fóra e está falando que ela ten un fillo en idade escolar; como teñas dous ou tres, ía dicir por desgraza, non por favor. Pero se tes tres fillos, tes realmente un problema. Entón, neste tipo de cousas debemos ser realmente máis sensibles, cre que o debemos ser. Cre que debemos mirar para dentro e dicir que ata aquí o fixemos desta forma, pero necesariamente e desgrazadamente, si que é certo que a día de hoxe, isto necesita unha revisión.

O seu grupo votará a prol para que se aproben as bolsas, pero deixando os deberes tamén e se ofrece para colaborar nesa revisión de cara ás bolsas do vindeiro ano e darlle unha volta completa a estas bases.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable. Entende que é unha boa medida a proposta que se vén de aprobar por iniciativa do grupo de ACdC-SON respecto de ampliar o prazo.

Tamén di que se hai un problema vinculado a presentación de solicitudes, que se lle dea na medida do posible polas canles que non sexan quizais as máis ortodoxas ou habituais, maior publicidade a esta convocatoria moitas veces se envían notas de prensa, ou se fan anuncios sobre cuestións moi variadas, quizais esta tamén podía ser obxecto dunha maior difusión e coa maior das cordialidades e co ánimo de marcharnos tranquilos todos para casa, polo menos ao que ao seu grupo respecta, no BNG, en fin, non lles gusta comer nenos nin cousa parecida nin deixalo espidos, nin ningún tipo de calamidade ou maldade para cos menores, manifestar respecto do que aquí se pronunciou por parte do Partido Popular que o marco xeral que regula a educación en España é a LOMCE aprobada o 28 de novembro do ano 2013 por un ministro que agora vive en París e que establece que o ensino concertado é privado. É iniciativa da sociedade civil e é mantido con fondos do Estado, de aí o nome privado concertado que o nome técnico que ten. Se realmente se está a cometer unha inxustiza, como afortunadamente vivimos todavía nun estado de dereito e onde impera xustamente a xustiza, non hai máis que ir á xustiza para dalgunha maneira poñer en coñecemento do poder xudicial esta normativa que pode ser, segundo o Partido Popular, tan inxusta.

En tal caso, a súa reflexión é a seguinte: a ONU, que non está controlada polo BNG nin moito menos, di que a escola privada especialmente cando é moi intensa a súa vinculación a capacidade adquisitiva das familias dos alumnos e a xerarquía social deles, ten rasgos elitistas e clasistas. Que podemos facer para combater eses rasgos elitistas e clasistas, que a eles como forza política progresista non lles gusta. Podemos darlle axudas a xente para que siga indo a eses centros elitistas e clasistas ou podemos priorizar a axuda para ter en Cambre, que custou moito tempo, moitos esforzos, moito traballo durante anos, durante décadas, ter un sistema educativo público de calidade digno de tal nome. Polo tanto, o fixeron o ano pasado, seguen a facelo, darlle ao actual equipo de goberno a nosa máis sincera e respectuosa felicitación por ter a valentía política de priorizar o público sobre o privado, por suposto que si.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, voceira do GM (C's), di que o seu grupo considera que esta proposta é de grande utilidade. Que é escasa. Si. Pero sabe que é necesario por unha cuestión de tempos que se aprobe. É un gasto que todas as familias teñen que realizar cada comezo de curso e aínda que necesite en próximas convocatorias que se amplien determinados temas, o voto do seu grupo vai a ser a prol porque cre que é importante que saia adiante.

Concedida a palabra a dona María Jesús Gómez González quere comentar que como seguirán sendo os 12.000 euros e a Xunta de Galicia subvenciona o ensino obrigatorio xa non habería solicitudes nese sentido. Dicar tamén que este goberno tomará as medidas oportunas para que non queden excluídos o 50% dos alumnos, como ocorreu o ano pasado. Que a subvención é escasa, está de acordo e como dixo don Daniel Carballada hai que darlle unha volta.

Concedida a palabra a don Manuel María Mora Pita da Veiga manifesta que efectivamente está de acordo co que dixo o señor Carballada. A ensinanza privada pode ser nalgún caso elitista, pero dálle a sensación de que hai algún neno, nena no concello de Cambre que neste momento a súa renda per cápita, a da súa familia, pode estar entre os 2.500 euros ou é inferior a esa cantidade, incluso, entre os 2.500 e os 4.500, etc. Quere dicir que se un neno o unha nena na súa unidade familiar reúne as condicións que establecen as bases e está matriculado nun colexio concertado sostido con fondos públicos, non cre que sexa elitista, non cre que sexa clasista, dálle a sensación de que é unha persoa que está a pasalo mal, aínda que teña ao seu fillo escolarizado noutro centro. Por que si efectivamente reúne as condicións, por que non se lle vai a axudar a que teña a axuda nese material escolar, nesa roupa, neses elementos que estamos a debater agora mesmo. Cre que sería importante. Non

estamos a falar en ningún momento de clasista, nin elitista, nin capitalista, nin historias, afortunadamente efectivamente non rexe a ONU, nin nada diso, para poder defini-lo como o definiu o señor Carballada.

O que está a dicir é que hai nenos en Cambre, neste municipio, que o seu pecado é estar escolarizado nun colexio concertado e cuxa renda familiar cumpre os requisitos que efectivamente establecen estas bases. Cumpren, e se cumpren, non sabe por que quedan excluídas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, por alusións, manifesta que, da maneira máis cordial posible, non hai pecados, estamos nun pleno municipal, nunha administración pública, ademais refírese ao señor Mora que foi concelleiro en varias ocasións noutras corporacións, aquí non estamos nin nun debate relixioso, nin na igrexa, nin se trata isto de ningunha compoñente católica.

Polo tanto, el pediríalle por favor que non fale, el non sabe se os nenos ou se os pais cometen pecados, dálle igual, na medida do posible, por el, que os fagan, porque di que el cando peca, goza. Pero é unha cuestión íntima e persoal. Aquí estamos nun organismo público, debatendo sobre unha cuestión tan sensible como é a educación e non estamos a falar de cuestións morais ou relixiosas sobre se é un pecado ou deixa de ser un pecado. O que el dixo, que o dixo el, o di por boca do que di a ONU, non o señor Carballada. El dillo ao señor Mora e o señor Mora di que non están a falar dunha cuestión clasista, nin capitalista. É a súa opinión. E el a respecta profundamente, pero outros temos outra opinión, outros si que cremos que quen vai ao ensino privado moitas veces busca e, máis en situacións como a de Cambre, determinados servizos, determinadas franxas horarias, determinadas atencións, determinados sobresoldos que tristemente non pode atopar no ensino público.

Continúa a dicir que entende que como representantes institucionais a súa obriga é que esa oferta que fai o ensino público tamén poida dalgunha maneira satisfacer as demandas deses pais, non xustamente o que farían seguindo un pouco a liña que marca o señor Mora que é favorecer, facilitar dalgunha maneira alisar o camiño para que determinada xente teña que ir ao ensino privado e o di dende a maior das cordialidades.

Di que unha cuestión xa total e absolutamente a rodapé. Di o señor Mora que afortunadamente ou algo así o BNG non manda na ONU. El, de verdade, o di, pero dillo como veciño de Cambre, se o señor Mora algún día manda na ONU, el vaise alegrar, que o saiba, porque por riba de calquera cuestión, que é algo que se ten dado máis veces neste pleno, que afortunadamente, no se que. De verdade, xa hai que ser triste para andar pola vida con eses posicionamentos, de verdade llo di con total cordialidade.

A seguir, o señor alcalde manifesta que, en principio, darlle as grazas a Asemblea Cidadá polo súa emenda e en segundo lugar, se algún neno que teña dereito a subvención se vai a quedar sen ela, intentarán falar na Xunta de Voceiros de cantos nenos terían dereito a ela, e buscar unha fórmula para presentar ao pleno, para buscar os cartos para a subvención. Isto é o compromiso para este ano, se alguén queda sen ela, buscará a fórmula para que non sexa así. Di que dende logo para o seguinte ano se é necesario, o van a saber este ano, efectivamente por suposto que se ten que facer.

Sometida a votación ordinaria a proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de data 20 de xullo de 2016, coa incorporación da emenda presentada por ACdC-SON o 25 de xullo de 2016 e aprobada por unanimidade nesta sesión, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Votan en contra os seis concelleiros do PP.

O Pleno municipal, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2016-2017, que se transcriben a continuación e o formulario de solicitude (anexos I, II, III, IV e V das bases), así como a súa convocatoria:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2016/2017

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a formación para o curso 2016/2017, como acción de fomento destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil (4º, 5º E 6º EI), educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos (tal e como se especifica na base segunda desta convocatoria).

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de:

- **Libros de texto**, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil (de ser o caso), bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.
- **Material escolar**, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.
- **Uniformes escolares** (de ser o caso) **ou vestiario destinado á escolarización**, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil e educación primaria.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e de adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

TERCEIRA: Dotación orzamentaria:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 12.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2016 326 48100 "Becas de estudo e libros educación" no actual orzamento municipal.

CUARTA: Beneficiarios:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda (polo menos o alumno cun dos proxenitores).
- 2) Estar matriculado nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria, para o curso para o que solicita a bolsa.
- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.
- 5) Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
- 6) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario de axudas segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de Subvencións.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o presente curso.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polo representante legal, pai, nai ou titor do alumno ou alumna (que é o beneficiario da axuda).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

QUINTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2015, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 380 (base imponible xeral) e o 395 (base imponible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2015, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- Solteiros menores de 26 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción ou libro de familia onde conste tal feito.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2015, deberá documentarse o exercicio 2016 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- En caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2016, que aparezan na vida laboral, ou certificado do empregador onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- En caso de desemprego:

- Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.
- Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2016, que aparezan na vida laboral ou certificado do empregador.

SEXTA: Solicitudes:

As solicitudes, formuladas no modelo normalizado, dirixiranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 30 de setembro de 2016 do que se informará a través do taboleiro de anuncios do Concello, de publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria, así como na páxina web do Concello.

SÉTIMA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán formularse **no formulario de solicitude**, que figura como Anexos-e que se facilitará en calquera dos rexistros do Concello, podendo descargarse na páxina web municipal (www.cambre.org) ou recollese no departamento de Educación:

- **Anexo I:** Solicitude.

- **Anexo II:** Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á Axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF), así como autorización do alumno maior de idade de comprobación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias.

- **Anexo III:** Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social do beneficiario, alumno/a maior de idade.

- **Anexo IV:** Declaración do solicitante de que a unidade familiar non solicitou nin percibiu outra axuda para a mesma finalidade.

- **Anexo V:** Autorización para solicitar datos a Administración educativa sobre a matrícula realizada no centro escolar no curso 2016/2017.

O formulario de solicitude deberá ir acompañado dos seguintes documentos que conforman a documentación propia do solicitante e/ou beneficiario da bolsa de estudo:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios (cando por idade teñan obriga de telo).

- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou documentación que o substitúa.

- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2016-2017. Deberá presentarse por aqueles que estean matriculados en centros escolares fóra do termo municipal de Cambre, e por aqueles que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Fotocopia (compulsada) ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e vestiario, emitida a nome do beneficiario, solicitante (ou cónxuxe) da bolsa de estudo.

Deberá presentarse factura ou factura simplificada, na que deberán figurar, en todo caso, os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Datos do titular do establecemento.
- Data de expedición e número de factura.
- Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición.
- Datos do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo (ou cónxuxe).
- Concepto do adquirido detallado.
- Prezo unitario de cada concepto e número de unidades adquiridas
- Tipo impositivo, ou expresión "IVE incluído".
- Importe total.
- Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión "PAGADO".

O solicitante da bolsa deberá indicar a que beneficiario da bolsa lle corresponde cada un dos conceptos detallados que figuran na factura, para os efectos de cuantificar o importe da bolsa para cada alumno beneficiario.

Os tiquets non terán validez como xustificantes válidos de gasto.

- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2015 segundo o disposto na base quinta da convocatoria.

Se é o caso:

- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia (compulsada) do xustificante de viuvez onde conste o importe das pensión por gastos de manutención do menor ou outros.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.
- Pensionistas: xustificante da pensión mensual e número de meses que a percibe.
- Perceptores do RISGA e RAI: Xustificante da contía mensual actual e fotocopia (compulsada) do documento de notificación da concesión.

Nota.- Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias fanse e compúlsanse no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello calquera outra documentación complementaria á indicada que se considere necesaria para maior clarificación da situación acreditada.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no concello de Cambre.

OITAVA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser dictada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

NOVENA: Valoración e resolución das solicitudes:

Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar.

Realizada a valoración, segundo o baremo seguinte, a Concelleira delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación resolverá o outorgamento das bolsas, correspondéndolle ao Alcalde o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos**.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos**.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos**.
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, **3 puntos**, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos**.
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto**.

DÉCIMA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 72 bolsas de estudo de 100,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, 50 bolsas de 40,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de educación primaria e 20 bolsas de 140,00 euros cada unha destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á categoría que máis solicitudes queden sen outorgar por falta de crédito automaticamente.

Se o importe de gasto validamente xustificado mediante facturas fora inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederase e abonarase polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario indudablemente destinado á escolarización.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo, procederase ao pagamento das mesmas en pago único.

UNDÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Para o suposto de alumnos ou alumnas menores de idade, responderán das obrigas derivadas da convocatoria os solicitantes da bolsa de estudo, en canto ostentan a patria potestade ou tutoría do menor.

DUODÉCIMA: Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

DECIMOTERCEIRA:

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2016, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Anexo I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2016/ 2017

SOLICITANTE (pai, nai, titor legal ou alumno/a maior de idade):

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____

Domicilio: _____

Municipio _____, Provincia _____ Cód.Postal. _____

Teléf.: _____; Teléfono móbil: _____

Nai/pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante:

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____

Solicita a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2016/2017 do Concello de Cambre para o/a alumno/a:

1) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Para (sinalar cun "X"): Libros de texto / Material escolar / Vestiario / Curso: _____

2) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Para (sinalar cun "X"): Libros de texto / Material escolar / Vestiario / Curso: _____

3) Nome e apelidos: _____ Centro escolar: _____

Para (sinalar cun "X"): Libros de texto / Material escolar / Vestiario / Curso: _____

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Anexo II: Autorización de comprobación de datos tributarios.
- Anexo III: Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Anexo IV: Declaración de non percibir a unidade familiar axuda ningunha para a mesma finalidade.
- Anexo V: autorización para solicitar datos sobre a matrícula do curso escolar 2016/2017

Fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios
- Libro de familia ou documentación que o substitúa
- Facturas xustificativas dos gastos realizados
- Título de familia numerosa
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez
- Certificado de minusvalía
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2016/2017 (agás os matriculados nun centro escolar do termo municipal de Cambre ou aqueles que non autoricen expresamente a cesión de datos ao Concello por parte da Administración educativa)

Outros.....

NÚM IBAN DA C.C. (do solicitante): _____ / _____ / _____ / _____

Cambre, ____ de _____ de 2016.

Asinado: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

Anexo II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2016/2017.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2015.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos):

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	SINATURA



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Cambre, ____ de _____ de 2016.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Esta Autorización deberá cubrirse unicamente polo alumno e para o caso de que este sexa maior de idade

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2016/2017.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do cumprimento das súas obrigas tributarias.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS: _____

NIF: _____

Cambre, ____ de _____ de 2016.

SINATURA: _____

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA

Esta Declaración deberá asinarse unicamente polo alumno e para o caso de que este sexa maior de idade

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2016/ 2017 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ____ de _____ de 2016.

Asdo.: _____



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Anexo IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2016/ 2017 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por parte de ningún dos membros da unidade familiar foi solicitada nin se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade PARA O MESMO CONCEPTO.

Cambre, ____ de _____ de 2016.

Asdo.: _____



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Anexo V

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA SOBRE A MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR 2016/2017

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas Bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2016/ 2017 do Concello de Cambre,

AUTORIZO ao Concello de Cambre a solicitar á Administración educativa da Xunta de Galicia información relativa ao centro escolar e curso no que está matriculado o/s alumno/s ou a/s alumna/s para os que se solicito a Bolsa de estudo correspondente ao curso escolar 2016/2017.

Cambre, ____ de _____ de 2016.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar o gasto de *doce mil euros* (12.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2016 326 48100 "Becas de estudio e libros educación"

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlle publicidade aos mesmos mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

1.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto da orde do día non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto da orde do día non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Moción do grupo municipal de ACdC-SON contra o uso non agrario de herbicidas no termo municipal de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 999/077 o día 22 de xullo de 2016, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo para un Uso Sostible dos Praguicidas, cuxos obxectivos son ‘A redución dos riscos e os efectos do uso dos praguicidas na saúde humana e o medio ambiente, e o fomento do uso da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas como as alternativas de índole non química aos praguicidas’, no seu Capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: ‘Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimice ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo das estradas (...), nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerables, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogo e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria’.

A dita directiva é trasposta polo Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, ten como obxectivo a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio ambiente, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como os métodos non químicos.

Este Real decreto contempla que as súas disposicións *‘entenderanse sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas’.* Ademais das anteriores, o marco xurídico para a aplicación de herbicidas e praguicidas complétase coas seguintes normas:

- Directiva marco sobre a auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello)
- Directiva Aves (Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello)
- Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello)
- Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública

Cada vez hai maior evidencia científica de que o uso de herbicidas químicos suscita riscos moi serios, tanto directos como colaterais, para a saúde das persoas e para a conservación do medio ambiente, ademais de que, en ocasións, resulta ineficaz e ata contraproducente para os obxectivos que se esgrimen e, xa que logo, supón un custo económico innecesario.

O Glifosato, o herbicida de uso máis estendido e compoñente activo de Roundup e outras marcas comerciais, ten efectos moi tóxicos sobre a saúde e o medio ambiente como o 20 de marzo de 2015 publicou a Organización Mundial da Saúde que cataloga este herbicida como probablemente canceroxénico.

Demostrouse que a concentración máis baixa que as recomendadas para o seu uso en agricultura, o glifosato interfere no funcionamento hormonal de células humanas, afecta ás células da placenta, así como ás embrionarias. Así mesmo, provoca nacementos prematuros e abortos, cancros do tipo mieloma múltiple e linfoma Non-Hodgkin, e dana o DNA celular. Outras probas toxicolóxicas independentes revelaron toxicidade subaguda (lesiões en glándulas da saliva), toxicidade crónica (inflamación do estómago), danos xenéticos en células sanguíneas, e indican trastornos reprodutivos (esperma menor e anómalo en ratas e coellos), e aumento da frecuencia de tumores de fígado e de tiroides (en ratas).

En relación co anterior, ACdC propón ao Pleno da Corporación de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que o Concello de Cambre se responsabilice da protección da saúde dos veciños deste municipio e do seu patrimonio natural tal e como recomenda o RD 1311/2012, prohibindo a aplicación de herbicidas químicos para todos os usos non agrarios nos espazos de uso público, estradas ou redes de servizo na totalidade do territorio do termo municipal.

Segundo: Que esta práctica sexa substituída por métodos non químicos, que non danen a saúde nin o medio ambiente, por exemplo os métodos mecánicos e térmicos que se aplican na maioría dos países da Unión Europea e que teñen un maior potencial de xeración de emprego.

Terceiro: Que, tal e como tamén recomenda o RD 1311/2012, tome as medidas oportunas para sensibilizar e informar á poboación dos riscos para a saúde e o medio ambiente que supón o uso dos herbicidas químicos tamén no referente aos seus usos agrarios co fin de fomentar unha redución do seu uso agrario e unha aplicación en condicións de seguridade.”

Concedida a palabra a don Manuel Maria Mora Pita da Veiga, concelleiro do Partido Popular, manifesta que, sen que sirva de precedente, o seu grupo coincide tamén con dona Maria Olga Santos respecto da apoiar esta moción. Parécelle moi importante que se tome conciencia na cidadanía dos riscos que estamos a correr coa utilización de produtos non aptos como praguicidas e para utilízalos pola poboación en xeral.

Di que é verdade que hai unha serie de normas e instrucións que prohiben a súa venda e o seu uso a persoas que non teñan a cualificación correspondente; pero aínda así, insistiría en que o concello debe tomar cartas no asunto e vixiar de forma máis estreita sobre a utilización que se poida facer, sobre todo, en sitios públicos que poden efectivamente danar o medio ambiente.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que, como non podía ser doutro xeito, o seu grupo votará positivamente esta moción.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo votará a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo é favorable e fai mención simplemente a título informativo de que dalgunha maneira se lle faga chegar isto tamén ao Adif, que é o principal, é unha barra libre, unha festa total e absolutamente, é dicir, porque ademais dalgunha maneira operan cunha certa impunidade, e realmente é unha mofa como funcionan e como incumpren eles mesmos e máis en Galicia a súa propia normativa, todo para minimizar custos.

Concedida a palabra a dona Maria José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo votará a prol.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López evidentemente agracede a todos os grupos o apoio desta moción, que vai a significar non soamente que este goberno tome conciencia, ou esta lexislatura, mellor dito, senón que de cara adiante, evidentemente non se empreguen estes herbicidas e ademais que pode ser algo moi bo para Cambre, porque nos concellos que se está a levar a cabo, que seguramente xa o saben, son moitos, porque isto de repente, a partir da publicación de todos estes estudos, se está a ver o prexudicial que é o uso destes herbicidas.

Manifesta que os concellos que xa teñen aprobadas mocións parecidas a esta no mesmo sentido, realmente son medidas as que aquí se propoñen que benefician en todo, incluso, a propia xeración de emprego para o concello, están substituíndo os herbicidas por sal, por ácido ascéptico, que vén sendo vinagre habitualmente que é coñecido, e non soamente para a saúde, senón tamén para a saúde laboral do noso concello, esta é unha medida, entende que moi boa e, de verdade, está moi agradecida polo apoio de todos os grupos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. alcalde dáse conta do seguinte asunto:

- Resolución da Alcaldía número 1166/2016, do día 20 de xullo de 2016, pola que se resolve:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús Gómez González dende o día 18 ao 24 de xullo de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6420 o día 23 de xullo de 2016.

1º Veciños da urbanización da Barcala puxeron en coñecemento do grupo municipal Popular a necesidade de restaurar os pasos de peóns existentes na citada urbanización que necesitan non soamente o repintado senón a restauración da elevación que leva consigo como medida de moderación da velocidade.

Así mesmo, se observa que as tapas da rede de sumidoiros existentes na urbanización están excesivamente fundidas con respecto do nivel do solo, converténdose non soamente nun problema para os pneumáticos dos vehículos que transitan pola urbanización senón para a propia circulación, xa que os vehículos tratan de equivala, converténdose así nun auténtico problema de seguridade viaria.

De aí que, tendo en conta que tanto a infraestrutura viaria como o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación de vías públicas son competencias que deben prestar ou exercer os concellos conforme co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o grupo municipal Popular solicita do equipo de goberno que se tomen as medidas oportunas para resolver o problema advertido.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que si efectivamente recolle o rogo na súa totalidade, é dicir, que na primeira parte do rogo onde fala dos pasos de peóns empedrados que están afundidos, xa se está a elaborar un proxecto por parte dos arquitectos municipais e con respecto das tapas da rede de sumidoiros, o martes persoal de Servizos xa foi a mirar e están todas detectadas, fotografadas e se pasará, nos casos que faga falta, sobre todo en estrada, non en zona de aparcadoiro a recrecelas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2º Así mesmo son numerosos os veciños que se puxeron en contacto con membros do grupo municipal Popular denunciando o calamitoso estado no que se encontran as fontes e lavadoiros existentes ao longo e largo do noso municipio; nalgúns casos incluso extensivo á contorna na que se encontran.

Como exemplos meramente enunciativos dos problemas advertidos podemos citar a situación na que se encontra o lavadoiro de Sobreguexe, na cambresa parroquia de Cecebre, xunto ao túnel da autoestrada; o lavadoiro de Fontenla, en Pravio problema de salubridade extensible á finca municipal na que está encravado; ou a fonte de San Antonio, en Anceis, na que a auga reborda permanentemente encharcando a praza alí existente.

Razóns que xustifican que dende o grupo municipal Popular se interese da concellería competente en materia de obras e servizos, que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos nos lavadoiros e fontes do noso municipio e se normalice o mantemento deles.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que si efectivamente a fonte de San Antonio xa foi reparada a semana pasada.

Respecto dos dous lavadoiros aos que se refire no rogo, o de Fontenla e o de Sobreguexe, xa se foi a realizar unha valoración, están recollidas todas as deficiencias, incluso, da finca, en concreto, na de Fontenla, que é extensible efectivamente a finca na que está situado, se intentarán ir reparando e facer unha valoración, non soamente destes, que se nomean aquí, senón da totalidade de fontes e lavadoiros. A Policía Local está a realizar un inventario real, que non existía, de todos os elementos.

3º No pleno municipal ordinario do pasado mes de xullo de 2015, isto é, hai agora un ano, o grupo municipal Popular poñía en coñecemento do equipo de goberno a existencia dunha tradición xa arraigada en Cambre como é a celebración, coincidindo co aniversario do cruel asasinato de Miguel Angel Blanco, dun acto en homenaxe e recoñecemento a todas as vítimas do terrorismo na praza do Temple que leva o seu nome. Acto que, igualmente, servía para alertar e promover o rexeitamento de toda actitude violenta e aquelas outras que supoñan agresións aos dereitos fundamentais do ser humano. Acto ao que, xunto a veciños e membros da Corporación municipal, se sumaban representantes da Garda Civil de Cambre, así como da Policía Local e de Protección Civil do noso municipio.

En contestación á citada pregunta o concelleiro voceiro de Unión por Cambre, señor González Leirós, manifestou que os motivos da non celebración eran moi claros: tomaron posesión no concello sobre finais de xuño, principios de xullo e a “ansiedade das demandas de todo tipo, malezas, subvencións, festas, camiños, etc. fixo imposible facer un labor normal de ver incluso os papeis que lles chegaban e a verdade é que pasou desapercibida esa data, porque había unha acumulación, todo o mundo pedía subvencións, estaban en festas e se puxeron fóra de combate durante unha semana”.

Un ano máis tarde das citadas palabras, o certo é verdade é que o desconcerto na xestión municipal levada a cabo polo novo equipo de goberno definida polo señor González Leirós, non soamente impera e é apreciada por todos os veciños de Cambre (como así nolo manifestan reiteradamente), senón que seguindo as súas explicacións, debe ter sido o motivo, un ano máis, da falta de celebración oficial do acto de recoñecemento ás vítimas do terrorismo. Desconcerto na xestión que permitiu deixar no esquecemento ás vítimas do terrorismo nun ano especialmente cruel en actos terroristas e que apenas catro días máis tarde, isto é, o 14 de xullo, sufriu un novo exemplo co atentado de Niza, no que morreron 84 persoas e se contabilizaron máis de 300 feridos.

Por isto, o grupo municipal Popular solicita do equipo de goberno explicacións sobre a falta de celebración, o día 10 de xullo na praza Miguel Ángel Blanco do Temple, do tradicional acto de homenaxe ás vítimas do terrorismo; informe comprensivo das súas intencións de futuro ao respecto.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, manifesta que, con maior frecuencia da desexada, este equipo de goberno convoca concentracións ás portas do concello como mostra de rexeitamento a todo tipo de violencia, incluíndo a terrorista. Non é intención deste equipo de goberno institucionalizar un día do ano para condenar a violencia terrorista, como tampouco non fan falta institucións. De todas as maneiras, insta ao Partido Popular que presente unha proposta para a seguinte Xunta de Voceiros para o seu debate e estudo.

Concedida a palabra a don Juan Maria Abalo Castex, concelleiro do Partido Popular, manifesta que ve que se cambiou de contestación con respecto do que se dixo o ano pasado, na que se lle advertiu tal como leu, que o motivo da non celebración dese acto que xa era tradicional, era precisamente pola acumulación de tarefas, que o seu grupo comprendeu, evidentemente, se acababa de tomar posesión, e había moitos asuntos que atender.

Falouse aquí, empregando un símil, un acto de fe, crían o que lles estaban a dicir, que efectivamente ao ano seguinte, se ía celebrar. Cal foi a súa sorpresa, que se deixou outra vez pasar este acto. Ve que se cambiou o discurso e que non hai intención por parte do equipo de goberno, segundo as palabras do concelleiro don Juan Evaristo Rodríguez. Non hai intención, polo tanto, de celebrar o acto que tradicionalmente se estaba a celebrar, con independencia de que haxa concentracións nos momentos nos que se produzan actos do terrorismo, que son absolutamente compatibles co feito de que exista un acto institucionalizado por parte do noso concello para celebrar e recoñecer ás vítimas do terrorismo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta, de xeito moi breve, que felicita pola medida, concreción, corrección e hixiene democrática a resposta que deu o goberno municipal a este rogo.

O seu grupo sumándose de maneira total e absolutamente breve a este asunto, e dende o máximo respecto a todas as vítimas do terrorismo, en especial ao caso que nos ocupa, que é Miguel Angel Blanco, asasinado por ETA no ano 1997, dende o BNG nunca participaron neste acto, non por unha cuestión premeditada, e o di sinceramente, senón pola propia natureza do acto en horario de mañá.

Di que hai homenaxes a deportistas, agora Brais Cubeiro ás veces si ten máis tempo, si pode ir a actos que se fan moitas veces en horario de mañá, pero o seu grupo entende que se pode debater sobre isto, pregunta por que é tradicional. É tradicional porque se ven facendo unha serie de anos. Si, pero igual é mellorable, porque este acto, non facilita que asista o gran público, non chega a esa xente. En certa maneira, cre que non acaba de cumprir o seu obxectivo.

Continúa a dicir que se pode facer un ano unha charla cunha vítima do terrorismo ou solicitar unha exposición que se realice nunha instalación pública ou corenta mil cuestións destinadas dalgunha maneira a chegar a máis xente, máis alá dunha cuestión que, vale, se é tradicional porque se fixo determinados anos, ao seu grupo non lle parece mal, insiste, que se faga, pero igual, si, está máis na liña de que se poida falar, chegar a acordos, e sen ningún tipo de acritude, ademais, nun tema tan sensible, pois ver outras fórmulas de intentar chegar o que el entende cara a cidadanía, é dicir, cunha mensaxe inequívoca, de unidade contra o terrorismo, e que se poidan facer outro tipo de actuacións que sexan, en certa maneira, máis ambiciosas e chegar a máis xente e isto non se debe tomar nunca, en ningún modo, como un ataque, ou como un feo ao que se viña a facer.

Remata a dicir que esta é a interpretación que fai o seu grupo e xa di, se suma a ese chamamento a falalo con máis detemento na Xunta de Voceiros.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9/77 o día 22 de xullo de 2016.

1º Na parroquia do Temple existen varios semáforos de regulación do tráfico que non están dotados de medios sonoros que contribúan a mellorar a súa función para persoas con problemas de discapacidade visual. Tendo en conta a demanda cidadá e o principio de igualdade que debe existir para tod@s, de gozar de condicións axeitadas de seguridade e autonomía persoal como elemento esencial para o desenvolvemento da vida diaria, o noso grupo municipal presenta o seguinte rogo:

Pregamos ao goberno xestione a instalación de semáforos con dispositivos acústicos para facilitar o acceso nas vías públicas nas mellores condicións de seguridade.

Concedida a palabra a dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que en relación coa xestión da instalación de semáforos con dispositivos acústicos para facilitar o acceso ás vías públicas nas mellores condicións de seguridade se realizaron xestións cunha empresa que realiza o mantemento dos semáforos e que di que actualmente o que máis se utiliza é colocar un dispositivo que cando o semáforo está en fase vermella os vehículos vai marcando os segundos que lle quedan en sentido descendente para que se poña en fase vermella os peóns. A empresa quedou de enviar orzamentos nos vindeiros días.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo está a falar tamén de sinais acústicos que sirvan para persoas invidentes, que non pode acceder a ese tipo de información visual e que poidan ter coñecemento do estado no que están as fases do semáforo. É unha medida destinada precisamente para isto; ademais, é unha medida que pode ser aplicada tamén para dar máis facilidades a outros colectivos que non son simplemente de persoas con algún tipo de discapacidade, senón, incluso, os nenos e pensando, pode ser beneficiosos para persoas maiores que quizais xa teñen a visión moi diminuída. Este tipo de sinais o que favorecen é precisamente a independencia de todas as persoas.

Dona Josefa Vázquez Soto manifesta que o aparello que se vai a instalar, para o que se solicitou orzamento, vai contando en voz alta, á parte de poñer os segundos que restan.

O señor alcalde manifesta que é unha boa iniciativa.

2º No acceso de entrada a autoestrada na zona do Temple existe un paso de peóns preto da rotonda. Considera o noso grupo que a proximidade da curva impide visualizar coa suficiente antelación as persoas, supoñendo un risco grave de accidentes.

Pregamos que se estude a posibilidade de cambiar o mencionado paso para evitar posibles accidentes.

Concedida a palabra a dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que, en relación co paso de peóns situado na entrada da autoestrada AP 9 no Temple, no que se solicita a posibilidade de desprazar o citado paso de peóns cara ao interior da propia autoestrada, a Policía Local non ten rexistrada ningunha incidencia nese paso de peóns. Á parte, é sumamente difícil porque habería que solicitar permiso a Autoestradas se o queremos retirar máis cara ao interior da autoestrada e os peóns teñen que ir bastante máis adiante. Cre que é moito máis perigoso, pola sinxela razón de que cando pasas da rotonda, xa comezas a coller velocidade. Dille que se ten el algún punto mellor, lle agradece que llelo comunique.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo é consciente da dificultade que ten ese paso de peóns en concreto. Pero, di que tamén existen solucións, como os pasos elevados, cunha planificación e cunha avaliación de custos podería compensar este tipo de actuacións. Hai que priorizar un pouco, o que ven sendo o futuro e evolución do concello. Con isto a que se refire. O Temple, concretamente, é unha zona en constante crecemento, de tal xeito que vai ser fonte de novos nenos, no futuro haberá máis tráfico. Non hai que esperar, non hai que agardar a que suceda calquera tipo de suceso.

Continúa a dicir que a día de hoxe non se produciron accidentes, pola eficaz formación e seguridade viaria que poden ter os nosos cidadáns. Porque se non, si que tiñamos. El mesmo, nalgunha ocasión, tiveron algún tipo de problema nese paso de peóns. Cóntalle que moita xente, que ao mellor teñen algún tipo de condicións das que falábase antes, un pouco de mobilidade reducida, non teñen unha visión perfecta, si que poden estar xa nun grave risco. Por isto, o seu grupo pensa que, se cadra, compensa realizar un estudo e previsión de pasos elevados neses puntos, ou mesmo, a mellora da visualización deste paso para que isto se limite no futuro e estea en previsión do crecemento da zona.

O señor alcalde manifesta que, de todas as maneiras, no estudo que se está a facer para o proxecto do viario 17, porque se se mete o paso de peóns máis dentro da autoestrada, hai que facer as beirarrúas polos dous lados, que non hai, como saben a día de hoxe, rematan aí. Di que no estudo que se está a facer do viario 17 se considera un estudo ata aí xusto, polo tanto, así esperemos tamén que o resolva directamente Autoestradas, que é quen ten que resolver, o concello llo esixirá. Non sabe cando estará o proxecto e un estudo que está aí e que se cambia a rotonda que ía haber na área de peaxe, unha serie de cousas que, como sabedes, ven precisamente ata esta rotonda. Esixirá que atopen a solución mellor para isto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, xusto con esta zona, el ten presentado xa en varios plenos a cuestión do sinal que informa do estado da autoestrada e que che informa cando xa non poder saír da autoestrada. Don Manuel Marante xa lle había dito no seu momento que o ía mirar. Está seguro de que o mirou e alí segue. Entón, na medida do posible, que se lle dea este toque a Audasa para que ese sinal sexa visible dende a rotonda e se poida decidir se ir polo Seixal ou por calquera sitio.

3º A instalación de pictogramas representa de forma sinxela un obxecto ou un concepto, sendo unha ferramenta que utilizan moitas persoas con dificultade para comunicarse verbalmente, facilitando a súa identificación en especial as persoas con discapacidade intelectual, e deste xeito avanzar na superación de barreiras que dificulten a participación na vida pública de calquera persoa con diversidade funcional.

Por isto pregamos ao goberno a posta en marcha dun plan de sinalización mediante pictogramas nos edificios públicos do concello para facilitar a súa identificación as persoas con certas discapacidades.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contéstalle que como, el ben sabe, o goberno ten unha débeda nese sentido pola accesibilidade aos edificios públicos. Lémbrao, porque o reclamaron, pois nese ámbito que dixeron que farían unha avaliación entrarán tamén os pictogramas.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de Asemblea Cidadá de Cambre-Son, preguntalle se se pode ter unha idea, máis ou menos, de canto tempo haberá para funcionar con este tema.

Don Juan González Leirós manifesta que non o poder estimar, porque depende dos técnicos municipais, que un se libere para que se dedique a este tema. Di que se podería contratar, pero cre que tendo dous arquitectos no concello, se debe esperar un pouco máis e que o faga un deles, para non contratalo fóra. É unha prioridade.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6450 o día 26 de xullo de 2016.

1º O pasado mes de abril o grupo municipal do BNG presentou unha moción para combater a invasión da herba da pampa. Esta moción foi aprobada por unanimidade e nela se acordou redactar un bando municipal.

Rogamos que informen sobre as medidas que están levando a cabo para realizar o citado bando.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que a partir dese rogo se solicitou axuda á Policía municipal, de dous policíaas que non están en activo completamente. Fixeron unha inspección con reportaxe fotográfica. Atoparon 27 parcelas.

O señor alcalde interrompe a don Juan González para manifestar que é a partir da moción, non do rogo, o rogo é este. Don Juan González di que si, a partir da moción e pide desculpas. Di que a partir da moción do grupo do BNG se estivo a traballar neste sentido, teñen xa a avaliación e agora o que se vai facer é remitir tres cartas aos propietarios, unha carta explicativa do problema, unha carta explicativa de como hai que tratar o problema, e unha resolución para que eliminen eses temas. Xa se procedeu na parcela do Espírito Santo, porque había unha reclamación dunha señora que tiña certos problemas, na que parcela que se denomina F3, máila parcela municipal que está colateral. Hai proximamente comezarse a rozar todo iso.

Don Brais Cubeiro Fernández preguntalle se podería ter acceso ao informe fotográfica que fixo a Policía municipal.

Don Juan González Leirós contéstalle que non ve por que non. Mañá ou cando sexa que se presente no concello facilitarállelo.

O señor alcalde manifesta que quere aclarar, antes de ler o rogo número 2, que o selo do concello da entrada do rogos e preguntas do BNG é coa data do día 26 de xullo, como poden ver, pero que o intentaron por activa e por pasiva presentalos o sábado, e non foi posible; a xustificación de que realmente non foi así, a parte informática dixo que efectivamente houbo un erro informático, polo que, este goberno decidiu atender os rogos e preguntas. Manifesta que o di para que despois non digan a estes si a estes non. Por isto o quería aclarar.

Don Daniel Carballeda Rodríguez manifesta que ás veces na redacción dos rogos non están especialmente inspirados e ás veces non está mal recoñecelo. Le o seguinte rogo:

2º Rogamos que informen sobre a posibilidade de presentar por parte do goberno municipal alegacións aos estatutos da Mancomunidade das Mariñas.

Refírese á posibilidade de que como pleno, andando o tempo despois da previsible aprobación que terá lugar, se se celebra, pasado mañá finalmente esa asemblea de cento cincuenta e seis concelleiros, a posibilidade de falarmos, ben en comisión, ben en calquera outro tipo de foro ou organismo, se así se estima de común acordo, que pode ser que si ou pode ser que non, presentar alegacións como Concello de Cambre a uns estatutos que o seu grupo entende que non satisfán as demandas mínimas dende concellos como Cambre e dende ópticas como a do BNG.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, manifesta que o grupo de goberno, despois de ler os estatutos, non viu nada relevante á hora de realizar alegacións e manifesta que se teñen alegacións que llas fagan chegar que as atenderán.

O señor alcalde manifesta que vai a ser un tema de debate, se pode facer unha comisión informativa, nunha xunta de voceiros. De todas as formas, hai un tema que hoxe falando, despois de ler o rogo, co secretario do Concello de Abegondo, que é o secretario do Consorcio das Mariñas, o que tiñan pensado era un regulamento orgánico municipal onde se lle dea cabida, en principio, a esa idea, a todos os grupos de todos os concellos, non soamente aos alcaldes, senón a todos os grupos, cando menos, a todos os voceiros de todos os grupos políticos. Cre que sería algo importante e isto é algo que avanza que dixo hoxe o interventor, que tamén é interventor do Consorcio e estaba presente e o secretario do Consorcio. Cre que é unha boa idea, unha boa medida e a

apoiará. Independentemente disto, segue a oferta aberta para tratar calquera tema en comisións ou onde estimen oportuno.

3º No pasado pleno do mes de xuño preguntamos sobre a realización das obras na parada do bus do Castro na parroquia de Brexo.

O Goberno municipal informounos de que estas comezarían na semana do 11 de xullo. A día de hoxe semella que non comezaron.

Rogamos que nos informen sobre o que está a acontecer en relación con estas obras.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que si efectivamente no pleno de xuño lle dixo que a empresa comezaría na semana do día 11. Puxéronse en contacto con Servizos, dicindo que por problemas de traballo non podían comezar nesa semana e fixeron o traslado de maquinaria a Brexo no día de hoxe, esta mañá, co cal, xa era traslado de maquinaria e comezar.

Preguntas de Partido Popular presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6419 o día 23 de xullo de 2016.

1ª Nos últimos días tivemos coñecemento de que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ordena someter a trámite de avaliación de impacto ambiental o proxecto para reordenar o centro de Cambre, que se propón dende o noso concello mediante o desenvolvemento da unidade de execución número 3 a través dunha modificación das normas subsidiarias.

A Consellería advirte ao noso concello do considerable impacto que a citada modificación provocaría na paisaxe urbana, debido ao inadecuado deseño do espazo de equipamentos no sur e as catro ou cinco alturas proxectadas nos bloques residenciais. Ademais, a Consellería considera o proxecto incompatible co patrimonio arqueolóxico (xa que ignora a existencia destes bens), así como cheo de imprecisións e contradicións na delimitación do ámbito, reclamando a supresión do viario situado ao sur da igrexa de Santa María, ao estar situado na contorna dun Ben de Interese Cultural, distorsionar a configuración parcelaria patrimonial os elementos que a conforman e encontrarse próximo ao depósito romano e ao castro.

Á vista de tan importante aviso por parte da Xunta de Galicia, dende o grupo municipal Popular se pregunta ao equipo de goberno cales son as medidas que se tomarán dende o noso concello para resolver as deficiencias observadas pola Consellería no proxecto para reordenar o centro de Cambre.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que actuar con toda normalidade, a primeira normalidade é acercarte aquel ente que te solicita ou que se presenta un expediente que é acercarnos á Subdirección Xeral do Patrimonio e manter unha conversación sobre cal é o carácter deste informe, posto que é un informe, insiste, de avaliación ambiental e de procedemento de inicio. Cando iniciamos unha conversación, a iniciamos, non a rematamos.

Non vai a comentar a reunión, porque non ten sentido, pero si que se saíu con outra idea do que eles presentaban, e eles tamén saíron con outra idea da que tiñan e agora actuar con total normalidade no que é un ámbito desta sensibilidade. Eles teñen a súa idea e nós temos a nosa. Contrastámola e están plenamente seguros que coa dispoñibilidade que prestaron, oxalá, outras consellerías a prestaran igual, e se refire a Infraestruturas, coa sensibilidade que eles prestaron, defendendo a súa idea, e nós a nosa, está convencido de que van a chegar a un bo proxecto e un bo acordo.

2ª Dentro das competencias municipais de promoción económica do municipio, foi tradicional o apoio do noso Concello ás campañas de promoción do comercio local. Entre elas destacou nos últimos anos a plataforma dixital “Ti fas Cambre”. Plataforma que alcanzaba a máis de 10.000 persoas cada semana, con máis de 200 empresas interactuando e con publicacións de ofertas todos os días, que debía volver a estar operativa antes de rematar o ano 2015 e cuxa supresión inxustificada foi botada de menos polos comerciantes do noso municipio fundamentalmente nas campañas de maiores vendas do ano, como son as de verán e Nadal.

Preguntado sobre o particular no pleno ordinario do mes de decembro polo grupo municipal Popular, o señor alcalde explicoulles que este goberno municipal faría unha aposta totalmente distinta ao respecto que provocaría duplicidades se se seguira co tema de “Ti fas Cambre”. En concreto, precisounos en sesión plenaria que o novo proxecto incluía unha guía de empresas, un censo real e actualizado de todas as empresas que hai en Cambre, un soporte na páxina web do concello e un soporte en smartphones para que a xente dende os seus teléfonos puidera saber cales son as empresas que teñen en Cambre e incluso dirixirse a elas se non coñecen o termo municipal. Guía de empresa que estaría disposta no primeiro trimestre do ano.

Transcorrido de sobra o citado prazo, é o que é máis importante, pasadas tres das campañas anuais de vendas máis importantes para os nosos comerciantes, empresarios e usuarios, sen apoio de ningunha plataforma ou axuda semellante por parte do noso Concello; o grupo municipal Popular pregunta á concelleira competente na materia de promoción económica sobre a realidade e o estado do proxecto que se nos anunciou hai xa sete meses.

Concedida a palabra a dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico, manifesta que respecto da guía de empresas, este traballo foi asignado á traballadora deste departamento dona Carmen Pita Seijas, quen causou baixa laboral no mes de maio, polo que, ante este contratempo e o período vacacional, o expediente está parado, xa que o resto do persoal está a traballar noutros expedientes que requiren maior urxencia. Pasado o período vacacional preténdese volver ao citado expediente.

A seguir, o señor alcalde manifesta que nas preguntas non hai réplica. Unha cousa é que a concelleira conteste e outra que lle guste ou non esa contestación baixo o seu punto de vista. Esta contestada a pregunta, se ten algunha aclaración que facer, o fai por escrito ou a presenta no vindeiro pleno cun rogo ou cunha pregunta. Presénteo como un rogo e haberá debate, non a presente como unha pregunta.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do Partido Popular, manifesta que simplemente queren que lle contesten ás preguntas que se fan. Non piden nada máis.

3ª Durante os días 15, 16 e 17 do mes de xullo celebrouse en Cambre a I Romaría Galaico-Romana, que lonxe de ser unha tradición popular enraizada no noso municipio foi catapultada polo equipo de goberno municipal grazas a un enorme despregamento mediático.

Transcorridos xa uns días dende a súa celebración, o grupo municipal Popular pregunta ao concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes o que se está a preguntar todo o pobo de Cambre: Cal foi o custo da I Romaría Galaico-Romana? ou o que é mesmo: Canto nos vai custar aos cambreses a celebración, publicidade e eventos destes fastos castrexo-romanos?

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, manifesta que en relación coa pregunta, hai poucos días que tivo lugar a citada actividade cultural de posta en valor do noso patrimonio cultural, polo que, as contas aínda non están rematadas. Di que teña a seguridade de que en canto estean rematadas as presentará a todos os concelleiros e a todos os veciños de Cambre, por suposto.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9/77 o día 22 de xullo de 2016.

1ª Recentemente o noso Concello ven de adherirse ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia.

Pode o Concello informarnos máis pormenorizadamente sobre as previsións de uso deste programa que se estiman para Cambre?

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, manifesta que pouco estudo pormenorizado lle pode presentar, dado que ata o de agora o que tiveron foron dúas reunións, unha co subdirector xeral, na que invitaba ao concelleiro, lle expuxeron cal era a materia en cuestión, que era facer unha bolsa de pisos, que non sabían moi ben como facela, porque poderían ser propietarios privados, poderían ser de aqueles bancos que teñen pisos expropiados por desafiuzamentos, pisos deste banco malo, que tiñan unha serie de pisos, que estes serían os máis interesantes, parecer ser que o aluguer deles sería sobre 75 euros. O prezo dos pisos podería ir de 75 a 300 euros; os que sexan de propiedade privada loxicamente serán as persoas que reúnan as condicións que marca a consellería.

Continúa a dicir que se adheriron ao programa porque consideraron que tal como está a situación neste momento no país, en Servizos Sociais hai xente que percibe axudas para alugueres, e se estes pisos algún deles están por debaixo, moi por debaixo do prezo da vivenda habitual, cre que lle interesaría a moitos deles poder optar a unha vivenda na que poderían aforrar un diñeiro soamente do aluguer.

Manifesta que se asinou o acordo e o están a facer por grupos de concellos, non se fai a sinatura en conxunto. Solicita que se lle conceda un mes ou un mes e medio, e di que cando saiba algo máis, non ten ningún problema en informar ao respecto.

O señor alcalde manifesta que se pode remitir a copia do convenio a todos os voceiros.

2ª No pasado mes de maio, cortouse unha árbore de importante porte no parque Ramón Barba.

Poden informarnos do motivo da corta e se vai a ser repostado por un novo?

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que supón que se refire ao prunium. Di que no mes de marzo recibiu un informe da empresa Orto que di que no parque Ramón Barba hai un prunus cerasifera, solicita perdón por se non o pronunciou ben, árbore que aparentemente estaba seca. Decidiuse esperar un tempo prudencial, por se houbera posibilidade de que a árbore acabara brotando, dado que a época de brotar esta árbore é a agora no verán. Unha vez visto que o verán transcorría e isto non sucedía, se retirou o exemplar o día 26 de maio dado que, segundo lle informan os expertos da empresa Orto, non tiña ningún obxecto conservalo ao supoñer un potencial risco para os viandantes e usuarios do parque.

Con respecto da segunda da pregunta, non se vai a repoñer agora mesmo un novo brote, dado que se vai facer un plan integral de todas as árbores e arbustos que están plantados no parque.

3ª En relación co perigo que supón a falta de sinalización na confluencia da urbanización Eira de Arriba coa rúa Viña Grande de titularidade municipal,

Que medidas pensan tomar corrixir a situación de perigo existente?

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, expón que dado que por fin hoxe non, xa sabe que cruzamento é, porque tiñan unha pequena discrepancia sobre

cal cruzamento era. Efectivamente hai un informe policial; o informe policial non se refería exactamente a ese cruzamento, senón que se refería ao cruzamento de abaixo que vén da mesma urbanización e conflúe na mesma vía. Comunicáralle a policía que faga xa deste cruzamento un novo informe e, é máis, cre, que todos os cruzamentos que rodean esta urbanización privada e nos que sexa necesario poñer calquera tipo de sinal, o colocarán.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6450 o día 26 de xullo de 2016.

Única: Que valoración fai o goberno municipal da I Romaría Castrexo Romana, tamén denominada Galaicoi?

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegada da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, manifesta que, en xeral, cre que a avaliación é positiva, aínda que están en pleno proceso de avaliación. Dende o equipo de goberno, dalgunha maneira, considera que se estiveron a cumprir tanto o obxectivo xeral de posta en valor do seu patrimonio, como os obxectivos específicos, é dicir, a reversión económica e a participación cidadá. Precisamente, dende aquí aproveita para agradecer tanto a participación das diversas asociacións sen cuxa axuda non sería posible este evento como tamén da participación de practicamente todos os partidos políticos da corporación.

Preguntas de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (C's) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6417 o día 23 de xaneiro de 2016.

1ª En relación coa readaptación da relación de postos de traballo e dado que o concelleiro da área de Recursos Humanos manifesta que “este goberno xa ten moi avanzado o organigrama da nova relación de postos de traballo e a súa avaliación para presentar antes de decembro de 2016”, pregunta:

Nesta nova relación de postos de traballo, estúdase a tan necesaria ampliación do cadro de persoal da Policía local?

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, manifesta que está estudado, ao igual que na maioría dos outros servizos do concello. Consultouse con todos os xefes de servizo e preguntouse o cadro de persoal que tiñan, como estaba estruturado e cales serían as necesidades para ter un mellor servizo. Todos eles xustificaron e razoaron o por que sería necesario o aumento do cadro de persoal. Falta darlle o último retoque pola parte política. Na policía hai a posibilidade de facer unha oferta de emprego con dúas prazas.

2ª Que xestións se están a realizar para a elaboración do monumento aos voluntarios de Cambre, aprobado en pleno por unanimidade?

Concedida a palabra a dona Mª Jesús Gómez González, concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, manifesta que o pasado día 10 de maio tiveron unha reunión cos voluntarios e lles transmitiron a moción presentada por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (C's) para que eles nos fixeran partícipes da súa opinión, se preferían un monólito, unha placa. Están á espera de que lles contesten.

O señor alcalde manifesta que, aínda que pareza raro, é así, lle deron aos voluntarios a participación de dicir que querían, que sería o ideal neste caso e están agardando a súa resposta.

3ª En conversacións mantidas coa concellería da área de Obras e Servizos, comunicóusenos que xa se tiña revisado e comprobado a situación dos contedores de lixo respecto do seu traslado ao lado correcto nos pasos

de peóns, e que tivera unha boa acollida por parte dos técnicos do Consorcio. Se realmente é tan importante a nosa participación ou permanencia no Consorcio das Mariñas,

Por que aínda non se realizou este traslado de contedores?

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, expón que por que aínda non viñera o Consorcio a velo in situ, viñeron o día de hoxe, isto non é coincidencia. O informe de Policía non estaba feito hai un ano, é dicir, a Policía local de Cambre fixo un informe sobre a situación dos contedores, sobre todo, dos que están diante dos pasos de peóns, que impedían a visibilidade do cruzamento de peóns.

Expón que hai algún tempo ela solicitou unha cita cun responsable do Consorcio das Mariñas para que viñera in situ a ver todas as situacións xunto coa Policía local, e por coincidencia, viñeron hoxe. Veu un responsable do Consorcio, un responsable de Ferrovial, que é a empresa da recollida do lixo, para ver se tiña que facer algún cambio no trazado do camiión de recollida, a concelleira de Policía local e ela mesma. Hoxe quedou todo falado, aclarado e visto e di que lle comunican dende o Consorcio que se comezará a realizar a partir da vindeira semana.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do Partido Popular, manifesta que quere que conste na acta a queixa do Partido Popular das respostas ás preguntas que fai o grupo municipal Popular, como se lle responden e como se lle responden incluso con ampliación non soamente do concelleiro, senón do señor alcalde ao resto dos grupos.

O señor alcalde dille que constará en acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria por delegación
Verónica Maria Otero López